

# Guía UDC

2014-2015

[twitter.com/UDC\\_gal](https://twitter.com/UDC_gal)  
[facebook.com/udc.gal](https://facebook.com/udc.gal)

1989  
2014



UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA


# Índice

<b>Benvida do Reitor</b>	5
01   A Universidade da Coruña	7
02   Órganos de goberno	15
03   Estrutura e organización do ensino universitario	21
04   Dereitos e deberes do estudantado	37
05   Programas de intercambio universitario	47
06   Formación complementaria	55
07   Actividades culturais, deportivas e de cooperación	59

08	Información, asesoramento e axuda	67
09	Premios, bolsas e axudas	73
10	Bibliotecas, aulas de estudo e outros servizos	83
11	Tecnoloxías da información e da comunicación	91
12	Formación de posgrao	95
	Seguro escolar	110
	Directorio	111
	<b>Calendario académico 2014/2015</b>	119
	<i>Que son os códigos QR?</i>	123

A Universidade da Coruña  
está na natureza, no mar e  
ao mesmo tempo na cidade;  
no centro dela estás ti.

Benvida, benvido á túa  
universidade moderna,  
innovadora e de calidade.



## Benvida do Reitor

**B**envida, benvido á nosa universidade, nova coma ti e entregada ao futuro, con vinte e un centros propios e tres adscritos, corenta titulacións, preto de 1.425 docentes, case 750 membros de persoal de administración e servizos e arredor de 21.400 estudantes.

Que estes números non te asusten. A Universidade da Coruña mantén unha relación de escala humana e especialmente atractiva cos seus contornos urbanos e naturais tanto na Coruña como en Ferrol. Estamos na natureza, na ribeira do mar, e ao mesmo tempo estamos na cidade, con todas as súas vantaxes.

No centro dela estás ti. Como estudante representas a base desta institución e a súa prioridade. A ti vai dirixida esta guía na que atoparás información práctica sobre a organización e os servizos que se ofrecen, sobre as actividades e os proxectos que desenvolvemos.

A nosa universidade pretende formar excelentes profesionais, mais tamén cidadáns informados e críticos que, máis aló das aulas de estudo, apostan connosco pola iniciativa estudantil, polo desenvolvemento de actividades deportivas e culturais, pola cooperación, pola responsabilidade social, polas facilidades de acceso ao emprego, por solucións responsables aos problemas ambientais.

Benvida, benvido á túa universidade, moderna, innovadora e de calidade.

Benvida, benvido ao teu futuro.

Xosé Luís Armesto Barbeito  
Reitor

A Universidade da Coruña  
creouse por Lei o  
20 de xullo de 1989.



# A Universidade da Coruña

## 1

- 01 | Estrutura da universidade
- 02 | Centros e titulacións
- 03 | Departamentos e programación docente
- 04 | Institutos de Investigación

A Universidade da Coruña creouse por Lei o 20 de xullo de 1989.

A Lei do Sistema Universitario de Galicia, no seu artigo 3, creou as novas universidades da Coruña e Vigo, ás que, xunto coa de Santiago de Compostela, se lles encomendou o servizo público do ensino superior en Galicia.

Como servizo público, a Universidade da Coruña está aberta á sociedade e debe, en todo momento, buscar o proveito social.

Os seus fins prioritarios son impartir o ensino preciso para a formación dos estudantes, así como a formación do persoal propio e do profesorado de todos os niveis de ensino, fomentar a investigación e difundir a cultura.

A vinculación da Universidade da Coruña a un contorno xeográfico ou territorial, cunha implantación física en dúas cidades como son A Coruña e Ferrol, xera unha necesidade de interrelación sociedade-universidade que na práctica esixe unha convivencia e unha colaboración mutua de apoio e desenvolvemento.

Nun marco territorial máis amplo, como parte do sistema universitario galego, a Universidade da Coruña mantén os vínculos máis estreitos co conxunto da sociedade galega na que está inmersa e unida polo compromiso específico de desenvolver a súa identidade cultural.





## 01 Estrutura da universidade

**A** Universidade da Coruña está estruturada territorialmente nos campus da Coruña e Ferrol.

Para os efectos docentes e de investigación consta de facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores, escolas universitarias e escolas universitarias politécnicas. Estes centros están, á súa vez, integrados por departamentos. Conta tamén con diversos Institutos de Investigación.

### **Centros**

As facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou universitarias politécnicas, son os centros encargados da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión que conducen á obtención de títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio español.

### **Departamentos**

Os departamentos son os órganos encargados de coordinar o ensino dunha ou de varias áreas de coñecemento nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da universidade.

### **Institutos de Investigación**

Os Institutos Universitarios de Investigación son centros dedicados á investigación científica e técnica ou á creación artística e á docencia especializada, de posgrao e de doutoramento.

## 02 Centros e titulacións

A continuación preséntanse as titulacións ás que se pode acceder nos centros da UDC. Ademais destas titulacións, están a impartirse, ata a súa extinción, as antigas licenciaturas, diplomaturas, enxeñarías e enxeñarías técnicas, arquitectura e arquitectura técnica.

### Centros propios

#### Facultade de Ciencias

Grao en Química  
Grao en Bioloxía  
Programa para a simultaneidade do grao en Bioloxía e o grao en Química  
The Faculty of Sciences of the UDC offers part of its study programs in English

#### Facultade de Ciencias da Comunicación

Grao en Comunicación Audiovisual

#### Facultade de Ciencias da Educación

Grao en Educación Infantil  
Grao en Educación Primaria  
Grao en Logopedia  
Grao en Educación Social

#### Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

#### Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

#### Facultade de Economía e Empresa

Grao en Ciencias Empresariais  
Grao en Ciencias Empresariais e Turismo (simultaneidade de estudo dos dous graos)

Grao en Economía  
Grao en Administración e Dirección de Empresas  
Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dereito (simultaneidade de estudo dos dous graos)  
Programa para a simultaneidade do grao en Bioloxía e o grao en Química  
The Faculty of Sciences of the UDC offers part of its study programs in English

#### Facultade de Dereito

Grao en Dereito  
Grao en Dereito e Administración e Dirección de Empresas (simultaneidade de estudo dos dous graos)  
The Faculty of Law of the UDC offers part of its study programs in English

#### Facultade de Filoloxía

Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios  
Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios  
Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

#### Facultade de Humanidades e Documentación

Grao en Humanidades  
Grao en Información e Documentación

### **Facultade de Informática**

Grao en Enxeñaría Informática  
2º ciclo de Enxeñaría Informática

### **Facultade de Socioloxía**

Grao en Socioloxía

### **Escola Politécnica Superior**

Grao en Enxeñaría Mecánica  
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais  
Grao en Arquitectura Naval e Oceánica

### **Escola Técnica Superior de Arquitectura**

Grao en Arquitectura  
The Higher Technical University College of Architecture offers part of its study programs in English

### **Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos**

Grao en Enxeñaría de Obras Públicas  
Grao en Tecnoloxías de Enxeñaría Civil

### **Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas**

Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo  
The degree in Naval Architecture and Ocean Engineering is multilingual  
2º ciclo en Náutica e Transporte Marítimo  
Grao en Enxeñaría Mariña  
2º ciclo de Máquinas Navais

### **Escola Universitaria de Arquitectura Técnica**

Grao en Arquitectura Técnica  
Programa para a simultaneidade do grao en Ciencias Empresariais e o grao en Arquitectura Técnica

The University College of Technical Architecture offers part of its study programs in English

### **Escola Universitaria de Deseño Industrial**

Grao en Enxeñaría Industrial e Desenvolvemento do Produto

### **Facultade de Enfermaría e Podoloxía**

Grao en Enfermaría  
Grao en Podoloxía

### **Facultade de Fisioterapia**

Grao en Fisioterapia

### **Escola Universitaria Politécnica**

Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática  
Grao en Enxeñaría Eléctrica

### **Facultade de Ciencias do Traballo**

Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

## **Centros adscritos**

### **Escola Universitaria de Enfermaría**

Grao en Enfermaría

### **Escola Universitaria de Relacións Laborais**

Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

### **Escola Universitaria de Turismo**

Grao en Turismo  
Grao en Turismo e Ciencias Empresariais (simultaneidade de estudo dos dous graos)

## 03 Departamentos e programación docente

### Facultade de Ciencias

- Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía
- Bioloxía Celular e Molecular
- Física
- Química Analítica
- Química Fundamental
- Química Física e Enxeñaría Química I

### Facultade de Ciencias da Saúde

- Medicina

### Facultade de Fisioterapia

- Fisioterapia

### Facultade de Enfermaría e Podoloxía

- Ciencias da Saúde

### Facultade de Humanidades e Documentación

- Humanidades

### Facultade de Filoloxía

- Filoloxía Española e Latina
- Filoloxía Inglesa
- Galego-Portugués, Francés e Lingüística

### Facultade de Ciencias da Educación

- Filosofía e Métodos de Investigación en Educación
- Pedagogía e Didáctica
- Psicoloxía Evolutiva da Educación
- Didácticas Específicas
- Psicoloxía

### Facultade de Informática

- Computación
- Electrónica e Sistemas
- Matemáticas
- Tecnoloxía da Información e as Comunicacións

### Escola Técnica Superior de Arquitectura

- Composición
- Construcións Arquitectónicas
- Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo
- Representación e Teoría Arquitectónica
- Tecnoloxía da Construción

### Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

- Métodos Matemáticos e de Representación

### **Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas**

- Ciencias da Navegación e da Terra
- Enerxía e Propulsión Mariña

### **Escola Politécnica Superior**

- Enxeñaría Naval e Oceánica
- Enxeñaría Industrial II

### **Escola Universitaria de Arquitectura Técnica**

- Tecnoloxía e Ciencias da Representación Gráfica

### **Escola Universitaria Politécnica**

- Enxeñaría Industrial

### **Facultade de Economía e Empresa**

- Análise Económica e Administración de Empresas
- Economía Aplicada I
- Economía Aplicada II
- Economía Financeira e Contabilidade

### **Facultade de Dereito**

- Dereito Público
- Dereito Privado
- Dereito Público Especial

### **Facultade de Socioloxía**

- Socioloxía e Ciencia Política da Administración

## 04 **Institutos de Investigación**

### **Instituto Universitario de Ciencias da Saúde**

Facultade de Ciencias da Saúde

### **Instituto Universitario de Estudos Europeos *Salvador de Madariaga***

Casa da Galería, Elviña

### **Instituto Universitario de Xeoloxía *Isidro Parga Pondal***

Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Elviña

### **Instituto Universitario de Medio Ambiente**

Pazo de Lóngora, Oleiros

### **Instituto Universitario de Estudos Marítimos**

Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Elviña

### **Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin***

Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Elviña


# Órganos de goberno

## 2

01 | Órganos colexiados e unipersoais da universidade

02 | Órganos colexiados e unipersoais de centros e departamentos

Para o desenvolvemento do seu cometido, a universidade está dotada por lei de órganos de goberno que poden ser colexiados ou unipersoais.





## 01 Órganos colexiados e unipersoais da universidade

### Órganos colexiados

- Consello Social
- Claustro Universitario
- Consello de Goberno

### Órganos unipersoais

- A/O Reitora/or
- As/Os Vicerreitoras/es
- A/O Secretaria/o Xeral
- A/O Xerente

### O CONSELLO SOCIAL

○ Consello Social é o órgano de participación da sociedade na universidade e actúa como elemento de interrelación entre a sociedade e a universidade. Forman parte do Consello Social, o reitor, o secretario xeral e o xerente, así como un representante do profesorado, do estudiantado e do persoal de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno de entre os seus membros. A duración do mandato dos representantes do Consello de Goberno no Consello Social será de catro anos renovables, agás no caso dos estudantes, que será de dous anos.

### O CLAUSTRO UNIVERSITARIO

○ Claustro Universitario é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria. Correspóndelle: a elaboración e reforma dos estatutos, convocar as eleccións a reitor, elixir os membros do claustro no Consello de Goberno, elixir o Valedor Universitario e os membros das comisións Electoral e de Reclamacións.

Está composto pola/o reitora/or, a/o secretaria/o xeral, a/o xerente e 300 representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria.

○ sector do estudiantado alcanza o 28% da representación, 84 estudantes.

## O CONSELLO DE GOBERNO

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade, polo que lle corresponde a capacidade resolutiva e executiva.

Está formado por unha representación dos diversos sectores que compoñen a comunidade universitaria; a presenza do estudiantado é de ata 8 representantes elixidos de entre os membros deste sector no Claustro.

O Consello de Goberno axúdase para o exercicio das súas responsabilidades das comisións estables, formadas por membros do Consello de Goberno elixidos para estes efectos. Estas comisións teñen por misión preparar as decisións mediante estudos e informes previos dos asuntos que corresponden aos seus ámbitos de competencia.

## A/O REITORA/OR

A/o reitora/or é a máxima autoridade académica da universidade e desempeña a súa representación. Exerce a dirección, o goberno e a xestión da universidade, desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos.

A/O reitora/or é elixida/o pola comunidade universitaria mediante elección directa e sufraxio universal, libre e secreto, e entre funcionarios do corpo de catedráticos de universidade, en activo, que presten servizos na Universidade da Coruña. Unha vez electo, é nomeado polo órgano correspondente da Xunta de Galicia.

O voto para a elección de reitora/or será ponderado conforme as porcentaxes establecidas para tales efectos nos Estatutos da Universidade da Coruña. O mandato do/a reitor/a é de catro anos, coa posibilidade de reelección

nos termos sinalados polos Estatutos da Universidade da Coruña.

## AS/OS VICERREITORAS/ES

As/os vicerreitoras/es son nomeadas/os pola/o reitora/or entre o profesorado doutor da Universidade da Coruña.

### Vicerreitorías

Estudiantes, Deportes e Cultura  
vedc@udc.es

Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social  
vcfrs@udc.es

Investigación e Transferencia  
vit@udc.es

Planificación Económica e Infraestruturas  
vpei@udc.es

Profesorado e Planificación Docente  
vppd@udc.es

Relacións Internacionais e Cooperación  
vric@udc.es

Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías  
vtcnt@udc.es

## A/O SECRETARIA/O XERAL

A/O secretaria/o xeral é o fedatario dos órganos colexiados de goberno de que forme parte e das actuacións nas que estea presente como tal.

## A/O XERENTE

A/O xerente exerce, baixo a autoridade do reitor, a xestión dos servizos económicos e administrativos da universidade e pode desempeñar, por delegación do reitor, a xefatura do persoal de administración e servizos e mais a xestión do patrimonio da universidade. A/O xerente é nomeada/o pola/o reitora/or a proposta do Consello Social.

## 02 Órganos colexiados e unipersoais de centros e departamentos

### Órganos colexiados

Xunta de Facultade/de Escola  
Consello de Departamento

### Órganos unipersoais

Decana/o e Directora/Director de escolas  
Vicedecana/o–Subdirectora/Subdirector  
Secretaria/o  
Directora/Director de departamento

### XUNTA DE FACULTADE/DE ESCOLA

A Xunta de Facultade ou a Xunta de Escola é o órgano colexiado de goberno do centro. A representación do estudantado na Xunta será do 28% dos seus membros.

### CONSELLO DE DEPARTAMENTO

O Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno do departamento. A representación do estudantado é do 28% dos seus membros (dos que o 40% son estudantes de terceiro ciclo).

Estes órganos colexiados están dotados de Regulamento de Réxime Interno, aprobado polo Consello de Goberno.

A composición e as atribucións dos devanditos órganos colexiados de centro e de departamento están regulados polos artigos 30, 31, 32 e 33 dos Estatutos da Universidade da Coruña que se poden consultar no enderezo:

[www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/\\_/\\_galeria\\_down/xeral/estatutos\\_vr.pdf](http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_/_galeria_down/xeral/estatutos_vr.pdf)

### **DECANA/O E DIRECTORA/ DIRECTOR DE ESCOLAS**

As/os decanas/os das facultades e as/os directoras/es de escolas desempeñan a representación dos seus centros e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria destes.

Serán elixidos, nos termos establecidos polos Estatutos da Universidade da Coruña, entre o profesorado con vinculación permanente á universidade e nomeados polo reitor.

### **VICEDECANA/O-SUBDIRECTORA/ SUBDIRECTOR**

Dirixen e coordinan a área de competencia que lles é asignada.

### **SECRETARIA/O**

Dá fe dos actos e acordos dos órganos colexiados de goberno e administración do centro.

### **DIRECTORA/DIRECTOR DE DEPARTAMENTO**

As/os directoras/directores de departamento desempeñan a súa representación e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria.


Son nomeadas/os pola/o reitora/or logo da elección polo Consello de Departamento nos termos establecidos polos Estatutos da Universidade da Coruña, entre o profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.

# Estrutura e organización do ensino universitario

## 3

- 01 | Titulacións de grao
- 02 | Estudos e titulacións propias
- 03 | Lexislación e normativa académica

As universidades imparten dous tipos de ensinanzas: os estudos oficiais e os estudos propios. Os oficiais son establecidos polo Goberno do Estado e teñen validez en todo o territorio nacional. Os estudos propios son establecidos polas universidades e conducen á obtención de títulos e diplomas propios.



O proceso de converxencia ou integración no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) ten entre as súas finalidades a configuración dos estudos universitarios en tres ciclos: grao, mestrado e doutoramento. Con esta medida preténdese crear un sistema comparable de titulacións entre os países adheridos ao EEES. Polo tanto, o principal obxectivo do EEES non é homoxeneizar os sistemas de Educación Universitaria dos distintos Estados, senón aumentar a súa compatibilidade e comparabilidade, respectando a diversidade. Trátase de construír un marco común que garanta a transparencia da formación ofertada e o recoñecemento da mesma facilitando así a mobilidade do estudantado e das tituladas e titulados.

Ademais dos cambios na estrutura das ensinanzas e títulos universitarios, a reforma leva aparelladas outras novidades, entre as que cabe salientar as seguintes:

- Creación do sistema europeo de créditos (créditos ECTS).
- Implantación do Suplemento Europeo ao Título.
- Cambios curriculares que afectan aos obxectivos da aprendizaxe, á metodoloxía docente, aos instrumentos e criterios de avaliación e á propia concepción do rol do profesorado e

do alumnado. A continuación sintetízanse as características dos estudos de grao que aparecen recollidas no RD 1393/2007 do 29 de outubro (BOE do 30 de outubro) modificado polo *Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo* (BOE 3 xullo de 2010).

### Os estudos de grao

- Corresponden ao primeiro nivel ou ciclo dos estudos universitarios.
- Conducen ao título de Graduada/o.
- A denominación dos títulos de Graduada/o será Graduada/o en T pola Universidade U (T equivale á denominación do título e U ao nome da universidade que expide o título).
- Os plans de estudos terán 240 créditos ECTS, equivalentes a catro cursos (60 créditos ECTS por curso). A duración poderá ser superior naqueles estudos sometidos á normativa comunitaria, por exemplo, Arquitectura.
- Están orientados á adquisición dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. Nalgunhas profesións, como é o caso de profesora/profesor de secundaria, será necesario cursar a maiores un Mestrado.

- Inclúen a elaboración e a defensa dun traballo de fin de grao que terá entre 6 e 30 créditos.
- Teñen que estar adscritos a algunha das seguintes ramas de coñecemento:
  - Artes e Humanidades.
  - Ciencias.
  - Ciencias da Saúde.
  - Ciencias Sociais e Xurídicas.
  - Enxeñaría e Arquitectura.
- O plan de estudos deberá conter un mínimo de 60 créditos de formación básica, dos que 36 créditos estarán vinculados ás materias que se establecen no Anexo II do RD para a rama de coñecemento á que se adscribe o título.
- Poderá obterse recoñecemento ata un máximo de 6 créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación.

A normativa que regula a incorporación aos graos pode consultarse en: [www.udc.gal/normativa/academica/](http://www.udc.gal/normativa/academica/)

A continuación preséntanse, clasificadas por ramas de coñecemento, as novas titulacións de grao.

## Os estudos de grao na UDC

A Universidade da Coruña iniciou a conversión aos estudos de grao no curso 2008-2009 cos graos de Terapia Ocupacional e de Socioloxía. No curso 2009-2010 implantáronse 24 novas titulacións de grao. O resto das titulacións da rama de Arquitectura e Enxeñaría transformáronse no curso 2010-2011.



## Artes e Humanidades

### Titulacións de grao

Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios

Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Grao en Humanidades

Grao en Información e Documentación

## Ciencias Sociais e Xurídicas

### Titulacións de grao

Grao en Ciencias Empresariais

Posibilidade de simultanear os Estudos do Grao en Ciencias Empresariais e do Grao en Turismo.

Posibilidade de simultanear os Estudos do Grao en Ciencias Empresariais e do Grao en Arquitectura Técnica.

Grao en Economía

Grao en Administración e Dirección de Empresas

Posibilidade de simultanear os Estudos do Grao de Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito.

Grao en Educación Infantil

Habilita para a profesión regulada de mestra/e en Educación Infantil.

Grao en Educación Primaria

Habilita para a profesión regulada de mestra/e en Educación Primaria.

Grao en Educación Social

Grao en Socioloxía

Grao en Dereito

Posibilidade de simultanear os Estudos do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito.

Grao en Comunicación Audiovisual

Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

Grao en Turismo

Posibilidade de simultanear os Estudos do Grao en Ciencias Empresariais e do Grao en Turismo.

Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

## Ciencias da Saúde

### Titulacións de grao

#### Grao en Terapia Ocupacional

Habilita para a profesión regulada de terapeuta ocupacional.

#### Grao en Fisioterapia

Habilita para a profesión regulada de fisioterapeuta.

#### Grao en Enfermería

Habilita para a profesión regulada de enfermeira/o.

#### Grao en Podoloxía

Habilita para a profesión regulada de podóloga/o.

#### Grao en Logopedia

Habilita para a profesión regulada de logopeda.

## Ciencias

### Titulacións de grao

#### Grao en Bioloxía

#### Grao en Química

Simultaneidade dos graos en Bioloxía e Química

## Enxeñaría e Arquitectura

### Titulacións de grao

#### Grao en Arquitectura Técnica

Habilita para a profesión regulada de arquitecta/o técnica/o.

Posibilidade de simultanear os Estudos do Grao en Ciencias Empresariais e do Grao en Arquitectura Técnica.

#### Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto

#### Grao en Arquitectura

Habilita para a profesión regulada de arquitecta/o.

#### Grao en Enxeñaría Informática

Habilita para a profesión de enxeñeira/o técnica/o informática/o.

#### Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica

Habilita para a profesión regulada de enxeñeira/o técnica/o naval.

## Enxeñaría e Arquitectura

### Grao en Enxeñaría Mecánica

Habilita para a profesión regulada de enxeñeira/o técnica/o industrial.

### Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais

### Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática

Habilita para a profesión regulada de enxeñeira/o técnica/o industrial.

### Grao en Enxeñaría Eléctrica

Habilita para a profesión regulada de enxeñeira/o técnica/o industrial.

### Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo

Habilita para a profesión de piloto/o de 2º clase da mariña mercante, piloto/o de 1º clase da mariña mercante.

### Grao en Enxeñaría Mariña

Habilita para a profesión de oficial de máquinas de 2º clase da mariña mercante, oficial de máquinas de 1º clase da mariña mercante.

### Grao en Enxeñaría de Obras Públicas

Habilita para a profesión regulada de enxeñeira/o técnica/o de obras públicas.

### Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

# Conceptos

- ▶ **Plan de estudos:** É o conxunto de ensinanzas (materias) que hai que superar para a obtención dun título. Os planos de estudos das ensinanzas oficiais teñen que seguir as directrices xerais propias das titulacións oficiais.

Neste momento, na Universidade da Coruña conviven tres tipos de plans de estudos:

- Os *plans de estudos non renovados* están organizados en anos ou cursos académicos.
  - Os *plans de estudos renovados* nos que as ensinanzas están organizadas en créditos. Un crédito ten un valor de 10 horas.
  - Os *plans de estudos das titulacións* adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior. Correspóndese cos mestrados oficiais e coas titulacións de grao. A unidade de valoración é o crédito ECTS (European Credit Transfer System).
- ▶ **Título oficial:** O expedido polas universidades, acreditativo da completa superación dun plan de estudos de carácter oficial, con validez académica e profesional en todo o territorio nacional.
  - ▶ **Título propio:** O expedido polas universidades, acreditativo da superación doutras ensinanzas impartidas no uso da súa autonomía, carente dos efectos que as disposicións legais outorguen aos títulos oficiais.
  - ▶ **Recoñecemento de créditos:** Enténdese por recoñecemento a aceptación dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais, na mesma ou noutra universidade e que van ser computados noutras ensinanzas distintas para a obtención dun título oficial.
  - ▶ **Sistema de Créditos ECTS** (European Credit Transfer System): O crédito ECTS cambia o concepto de crédito fixado en 10 horas lectivas vinculadas á actividade do profesorado na aula. No crédito ECTS valórase o volume do traballo total que a/o estudante debe realizar para adquirir os obxectivos de aprendizaxe. Inclúe o tempo total investido polo alumnado en diferentes actividades: asistencia a clase, estudo persoal, realización de actividades académicas, preparación e realización de exames e asistencia a titorías. Na UDC o crédito ECTS equivale a 25 horas de carga de traballo do alumnado. Nas novas titulacións o curso académico equivale sempre a 60 créditos ECTS, o que vai supoñer unha carga anual mínima de traballo de 1.500 horas.



- ▶ **Guía docente:** É un documento no que se recolle a planificación dunha materia do plan de estudos. Substitúe aos anteriores programas e inclúe información sobre as competencias da titulación que se van traballar, os obxectivos, os contidos, a metodoloxía, a avaliación e a titoría. Ofrece unha planificación detallada das actividades que ten que realizar o alumnado. Seguindo os principios dos créditos ECTS, para cada actividade compútase o tempo de dedicación que esixen.
- ▶ **Materias de formación básica:** As materias básicas están establecidas no Anexo II do RD 1393/2007 e preséntanse organizadas para cada rama de coñecemento. Cúrsanse na primeira metade do plan de estudos e representan polo menos 60 créditos. O seu obxectivo é facilitar a mobilidade, a transferencia e recoñecemento de créditos entre titulacións.
- ▶ **Módulo:** É a nova unidade que estrutura os plans de estudo, substitúe e amplía a unidade da asignatura que se utilizaba ata agora. Un módulo é unha unidade básica de formación, formalmente estruturada nunha serie de materias que leva asociados uns resultados de aprendizaxe e procedementos de avaliación.
- ▶ **Atribucións profesionais:** Son aquelas competencias que a normativa legal reserva para o exercicio dunha profesión concreta (por exemplo, ao ensino nas etapas de Educación Infantil e Primaria só poden acceder as graduadas e graduados en Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria). Deste xeito, as atribucións profesionais definen os ámbitos nos que unha/un titulada/o ten plena competencia fronte a outros profesionais, establecen as condicións para o seu desenvolvemento e fixan as limitacións cuantitativas e cualitativas que poidan existir. Non todos os títulos universitarios de grao ou mestrado habilitan para o exercicio de profesións reguladas con atribucións. Nestes casos a denominación do título debe identificar claramente a profesión regulada á que conducen, non sendo obrigatorio que a denominación do título académico e da profesión coincidan.
- ▶ **Competencias:** Son un novo elemento que se incorpora nos plans de estudos formando parte do perfil académico e profesional da titulación. As competencias expresan a formación que se pretende que adquira o estudiantado. Inclúen aprendizaxes complexas relacionadas co saber (coñecementos teóricos), co saber facer (coñecementos prácticos, destrezas) e co saber ser e estar (actitudes, valores). Diferéncianse tres tipos de competencias: as específicas da titulación, as xenéricas e as nucleares. As competencias específicas son as propias dunha titulación e inclúen as competencias profesionais que se requiren para o exercicio dunha determinada actividade profesional. As competencias xenéricas ou



transversais deben de ser adquiridas por todos os titulados universitarios. As competencias nucleares son definidas pola UDC e deben de ser adquiridas por todos os titulados nas materias do plan de estudos e a través das accións formativas desenvolvidas dende os servizos da UDC.

- ▶ **Profesións reguladas:** Son aquelas nas que desde o Estado se regula a súa competencia profesional. É dicir, márcanse un conxunto de atribucións que unicamente poden desenvolverse en exclusiva por un profesional que está avalado por un título académico ou pola superación duns requisitos e unha proba de aptitude que impliquen a concesión, ou por titorización administrativa do acceso a unha profesión. Por exemplo, médica/o, arquitecta/o ou enxeñeira/o en telecomunicacións. Para os títulos de graduado que dean acceso a unha profesión regulada, o Estado marcará pautas concretas sobre as competencias que se deberán traballar na titulación.
- ▶ **Suplemento Europeo ao Título (SET):** É un documento que engade información aos títulos universitarios de carácter oficial. Contén unha información unificada, personalizada para cada titulada/o, sobre os estudos cursados, resultados obtidos, capacidades profesionais adquiridas e nivel da titulación dentro do sistema nacional de educación superior. O Suplemento Europeo ao Título é unha ferramenta que incrementa a transparencia das titulacións, favorece a mobilidade das/dos estudantes e tituladas/os no EEES e facilita o recoñecemento académico e profesional dos estudos universitarios.
- ▶ **Transferencia de créditos:** A transferencia de créditos é un concepto novo. Implica a inclusión nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas cursadas da totalidade dos créditos realizados en estudos oficiais cursados con anterioridade na mesma ou noutra universidade e que non conduciran á obtención dun título oficial.
- ▶ **Créditos por equivalencia:** Segundo o que estableza o correspondente plan de estudos pódense cursar créditos por equivalencia, por prácticas de empresas, traballos académicamente dirixidos e estudos cursados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.
- ▶ **Validacións:** É o acto administrativo polo que se lles recoñecen efectos académicos aos estudos universitarios realizados consonte un plan de estudos, na Universidade da Coruña ou noutra universidade, noutro plan de estudos conducente a distinta titulación.

O recoñecemento de estudos parciais realizados en universidades estranxeiras, agás dos estudos parciais cursados noutra universidade (cando haxa un acordo coa Universidade da Coruña dentro de programas nacionais ou internacionais de mobilidade estudiantil) ou institucións análogas realizarase polo procedemento de adaptación.



► **Adaptacións:** É o acto administrativo polo que se lles recoñece validez académica aos estudos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte un plan de estudos:

- En proceso de extinción, noutro de nova implantación e que o substitúe.
- Doutra universidade, nun plan de estudos da Universidade da Coruña, mediante traslado de expediente.
- Dos estudos parciais cursados noutra universidade cando haxa un acordo coa Universidade da Coruña dentro de programas nacionais ou internacionais de mobilidade estudiantil. Neste caso, as materias que foran consideradas como equivalentes no centro de orixe da Universidade da Coruña figurarán no expediente do estudante coa cualificación acadada de destino.

#### Máis información

[www.udc.gal/eees](http://www.udc.gal/eees)

[www.udc.gal/ensino/graos](http://www.udc.gal/ensino/graos)



## 02 Estudos e titulacións propias da UDC

Conducirán ao título propio de graduada/o pola Universidade da Coruña e os títulos propios de posgraoo conducirán ao título propio de graduada/o superior pola Universidade da Coruña.

A UDC oferta estudos propios de 1º ciclo en Arquitectura de interiores.

### Estudos propios de posgraoo

Articúlanse en tres categorías que se diferencian na carga lectiva, nos requisitos de acceso e no título ou diploma ao que conducen:

- Mestrado.
- Curso de especialización.
- Curso de formación específica de posgraoo.

Esta información está accesible en [www.udc.gal/uepp/](http://www.udc.gal/uepp/)

## 03 Lexislación e normativa académica

Os estudos universitarios están regulados por normativa de distinto rango: estatal, autonómica e da propia universidade.

No cadro que se presenta a continuación recóllese parte desta normativa e indícanse os aspectos que regula.

Esta normativa está accesible en [www.udc.gal/normativa/academica/](http://www.udc.gal/normativa/academica/)

### Máis información


[www.udc.gal/ensino](http://www.udc.gal/ensino)



Normativa	Aspectos que regula
LEI ORGÁNICA DE UNIVERSIDADES (LOU) Lei 6/2001, do 21 de decembro. Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril pola que se modifica a LOU.	Marco xeral dos estudos universitarios e da organización e funcionamento das universidades.
REAL DECRETO 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación do ensino universitario oficial.	A estrutura e características das novas ensinanzas universitarias oficiais (grao, mestrado e doutoramento) adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).
REAL DECRETO 412/2014 do 6 de xuño, normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.	Regula os procedementos de admisión e as condicións para o acceso aos ensinos universitarios oficiais de Grao.
REAL DECRETO 861/2010 DO 2 DE XULLO polo que se modifica o REAL DECRETO 1393/2007 do 29 de outubro.	Introduce modificacións no recoñecemento de créditos, na introdución de mencións ou itinerarios nos títulos e no procedemento de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.
REAL DECRETO 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan os ensinos oficiais de doutoramento.	Establece os criterios de acceso e a estrutura dos estudos de doutoramento.
REAL DECRETO 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais en Galicia (DOG do 9 de decembro)	Procedementos e requisitos para obter a autorización para impartir ensinanzas universitarias oficiais (grao, mestrado universitario e doutoramento).
ESTATUTOS DA UDC Aprobados por Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio). Modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro)	Funcións, estrutura, goberno e funcionamento da universidade. Ensinanzas e títulos. Comunidade universitaria. Servizos universitarios. <a href="http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_/_galeria_down/xeral/estatutos_vr.pdf">www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_/_galeria_down/xeral/estatutos_vr.pdf</a>
ESTATUTO DO ESTUDANTADO UNIVERSITARIO (RD 1791/2010 do 30 de decembro, BOE do 31 de decembro).	Dereitos comúns dos estudantes universitarios. Dereitos específicos do estudantado de grao, de mestrado, de doutoramento, de formación continua e doutros estudos ofertados pola universidade. Deberes do estudantado universitario. Creación do Consello de Estudantes Universitario do Estado.
LEI 10/2011, 28 DE NOVIEMBRE, DE ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA.	Ordenación e fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos.
ESTATUTO DO ESTUDANTADO DA UDC (aprobado polo Claustro Universitario o 29 de maio de 2007).	Dereitos e deberes do alumnado da UDC.
REGULAMENTO DE ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES (aprobado no Consello de Goberno o 19 de decembro de 2005).	Creación, desenvolvemento e promoción das Asociacións de Estudantes da UDC. <a href="http://www.udc.gal/_galeria_down/sociedade/asociacionismo/regul_asoc_estud.pdf">www.udc.gal/_galeria_down/sociedade/asociacionismo/regul_asoc_estud.pdf</a>
NORMATIVA POLA QUE SE REGULAN AS ENSinANZAS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO NA UDC (aprobada polo Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012).	Principios xerais e requisitos das ensinanzas de grao e mestrado universitario. A estrutura dos planos de estudo de grao e mestrado universitario. O procedemento para a verificación e acreditación e para as solicitudes de creación de novos títulos de grao e mestrado universitario. Extinción dos planos de estudo, supresión das ensinanzas e revogación da autorización da implantación.

Normativa	Aspectos que regula
NORMATIVA DE XESTIÓN ACADÉMICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O CURSO ACADÉMICO 2014/2015	Normas de matrícula, avaliación,
NORMATIVA DA UDC QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN DOS ESTUDANTES (aprobada polo Consello de Goberno do 29 de maio de 2012).	Estabelece o réxime de estudo, os efectos e o procedemento de matrícula a tempo parcial.
NORMAS DE XESTIÓN PARA TÍTULOS DE GRAO (20 de novembro de 2008).	Estudos a tempo completo, a tempo parcial e convocatorias.
REGULAMENTO DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN (aprobado polo Consello de Goberno o 18 de novembro de 2007).	O procedemento e os requisitos a través dos cales poden obter o título os estudantes aos que só lles reste unha materia para rematar os estudos.
NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, DE CUALIFICACIÓNS E DE RECLAMACIÓNS (aprobada polo Consello de Goberno o 2 de xuño de 2006).	Publicidade das cualificacións. Procedementos de revisión e reclamación das cualificacións. 7ª convocatoria e convocatorias especiais para alumnado de planos extinguidos
REGULAMENTO SOBRE A LIBRE ELECCIÓN (aprobado polo Consello de Goberno o 31 de maio de 2005).	A oferta de libre elección á que vai poder obter o alumnado: materias, cursos, seminarios. O procedemento para o recoñecemento e incorporación ao expediente de créditos de libre elección.
PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES NOS GRAOS DA UDC (acordo do Consello de Goberno do 13 de novembro de 2008).	Procedemento para a obtención nunha titulación de grao de ata 6 créditos pola realización de actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Actividades concretas que poden dar lugar á obtención destes créditos.
NORMATIVA SOBRE VALIDACIÓNS E ADAPTACIÓNS.	O procedemento a través do cal o alumno pode obter créditos mediante validacións ou adaptacións doutros estudos realizados: VALIDACIÓN: Cando se trata de estudos realizados en titulacións distintas ou en centros estranxeiros. ADAPTACIÓN: Cando se trata dos mesmos estudos, pero realizados noutros centros españois, ou ben, estudos realizados segundo planos de estudos distintos.
NORMATIVA DE RECOÑECIMENTO E TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓNS ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES).	Recoñecemento de créditos: aceptación pola UDC de créditos obtidos en ensinanzas oficiais para obter outro título oficial. Transferencia de créditos: inclusión na documentación académica de todos os créditos obtidos polo estudante en ensinanzas oficiais aínda que non conduciran á obtención dun título oficial.
NORMATIVA DE PERMANENCIA DE ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Aprobada polo Consello Social o 27 de marzo de 2014)	A permanencia e progresión dos estudantes de Grao e Máster Universitario da Universidade da Coruña.
NORMATIVA ESPECÍFICA PARA A SIMULTANEIDADE DO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS E DO GRAO EN DEREITO.	Estabelece as condicións para que, mediante un programa conxunto, o alumnado poida simultanear os estudos do Grao en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas (ADE) mediante un programa conxunto.
NORMATIVA ESPECÍFICA PARA O PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO EN BIOLOXÍA E O GRAO EN QUÍMICA	Estabelece as condicións para que, mediante un programa conxunto, o alumnado poida simultanear os estudos
NORMATIVA ESPECÍFICA PARA O PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO EN TURISMO E O GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS	Estabelece as condicións para que, mediante un programa conxunto, o alumnado poida simultanear os estudos

Normativa	Aspectos que regula
NORMATIVA ESPECÍFICA PARA O PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO EN ARQUITECTURA TÉCNICA E O GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS	Establece as condicións para que, mediante un programa conxunto, o alumnado poida simultanear os estudos
RESOLUCIÓN REITORAL DO 27/05/2013 POLA QUE SE REGULA A INCORPORACIÓN VOLUNTARIA O ALUMNADO QUE COMEZARA OS ESTUDOS CONFORME A ANTERIORES ORDENACIÓNS ÁS NOVAS ENSEINANZAS DE GRAO CORRESPONDENTE Á SÚA TITULACIÓN DE ORIXE NO CURSO 2014/2015.	Regula a incorporación voluntaria do alumnado das licenciaturas, diplomaturas, enxeñerías e arquitectura ás novas titulacións de grao.
REGULAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SOBRE MOBILIDADE INTERNACIONAL DE ESTUDANTES.	<p>Marco normativo da mobilidade internacional de estudantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Modalidades, dereitos e deberes do estudiantado internacional saínte e entrante.</li> <li>▪ Organización dos programas de mobilidade internacional.</li> <li>▪ Procesos administrativos para a xestión da mobilidade internacional.</li> <li>▪ Procedimentos e aplicación do recoñecemento académico para estudante saínte.</li> <li>▪ Condicións académicas para admisión de estudantes entrantes.</li> </ul>
SISTEMA DE INTERCAMBIO ENTRE CENTROS UNIVERSITARIOS ESPAÑOIS (SICUE).	Procedemento a través do cal os estudantes da UDC poden estudar durante un período de tempo determinado noutro centro universitario español con garantías de recoñecemento académico.
REGULAMENTO DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS.	Procedemento e requisitos para optar aos premios extraordinarios que se conceden anualmente para cada titulación.
PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA E CUALIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR EQUIVALENCIA A PRÁCTICAS EN EMPRESAS.	Procedemento a través do que os alumnos que realicen prácticas en empresas mediante convenios asinados pola UDC poden superar determinadas materias establecidas no dito convenio como equivalentes a ditas prácticas.
NORMATIVA REGULADORA DA MATRÍCULA E A DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) E DO TRABALLO FIN DE MESTRADO UNIVERSITARIO (TFM).	Matrícula en TFG e TFM.
NORMATIVA DA UDC PARA ESTUDOS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO REAL DECRETO 1393/2007 (aprobada polo Consello de Goberno o 22 de maio de 2008).	Características dos novos estudos de doutoramento adaptados ao EEES: acceso, admisión, desenvolvemento, tese de doutoramento, etc.
REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO (aprobado polas Xuntas de Goberno do 17 de febreiro de xullo de 2012).	Estrutura e organización dos estatutos de doutoramento. Duración. Organización dos Programas de Doutoramento. Acceso e admisión. Matrícula. Tese de doutoramento. Dereitos das/os doutorandas/os. Presentación de novas propostas e modificacións das existentes.
NORMATIVA DE ESTUDOS PROPIOS DE 1º E 2º CICLO (aprobada polas Xuntas de Goberno do 21 de febreiro e do 21 de marzo de 2002).	Réxime académico e administrativo dos estudos propios.
REGULAMENTO DE ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO DA UDC (aprobado polo Consello de Goberno o 21 de decembro de 2000 e modificado o 25 de outubro).	Tipoloxía e características dos estudos propios de posgrao da UDC e requisitos de acceso. www.udc.gal/uepp > información xeral > normativa.



# Dereitos e deberes do estudantado


## 4

- 01 | O Estatuto do Estudantado da UDC
- 02 | O Estatuto do Estudantado Universitario
- 03 | O valedor universitario
- 04 | Oficina para a Igualdade de Xénero
- 05 | Centro de Estudos de Xénero e Feministas
- 06 | Observatorio Ocupacional

O 29 de maio de 2007 o Claustro aprobou o Estatuto do Estudantado da UDC. Esta norma recolle o seu ámbito de aplicación, os principios xerais, os dereitos do alumnado como membro da comunidade universitaria e como estudante.

Máis recentemente, o Real Decreto 1792/2010 (BOE do 31 de decembro de 2010) aproba o Estatuto do Estudantado Universitario. Este documento legal é o marco estatal no que se recoñecen os dereitos e deberes do estudantado das universidades públicas e privadas e se crea o Consello de Estudantes Universitario do Estado.

O Estatuto do Estudantado da UDC adiantouse ao recoñecemento de moitos dos dereitos que aparecen regulados no Estatuto do Estudante Universitario. Outra normativa académica da UDC xa regula algunhas das cuestións recollidas no Estatuto do Estudantado. Así mesmo, xa está implantada a figura do valedor universitario.



## 01 **O Estatuto do Estudantado da UDC**

O Estatuto do Estudantado da UDC pretende suplir as lagoas normativas do catálogo básico de dereitos e deberes existente anteriormente. O seu obxectivo prioritario é dotar o estudantado da Universidade da Coruña dunha verdadeira carta de dereitos e deberes que determine os límites e as garantías.

Os principais dereitos do alumnado da UDC son os seguintes:

- Utilizar libre e gratuitamente as instalacións da universidade.
- Avaliar xusta e obxectivamente o rendemento académico do estudantado.
- Recibir información, asesoramento e promoción no Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE).
- Integrar o alumnado con discapacidade.
- Participar activa e democráticamente nos órganos de goberno da universidade, mediante a elección dos representantes do estudantado.
- Canalizar as propostas, queixas e reclamacións do alumnado perante os órganos da universidade a través dos seus representantes.
- Crear infraestruturas necesarias para o estudo cun horario máis amplo en época de exames, incluíndo neste período fins de semana e festivos.
- Facilitar a utilización do servizo de fotocopias, cafetería, restaurante ou outros que poidan crearse, nas condicións máis beneficiosas posibles.
- Potenciar e fomentar o asociacionismo estudantil e a participación, proporcionando para iso os medios necesarios.
- Crear un rexistro para a inscrición das asociacións de estudantes chamado RAE-UDC (Rexistro de Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña).
- Recoñecer os dereitos de reunión, manifestación e folga.
- Apoiar e asesorar o estudantado con necesidades educativas especiais, a través da Oficina de Atención á Diversidade.
- Facilitar a conciliación da vida estudantil coa laboral.
- Promover a formación práctica para complementar e desenvolver os coñecementos adquiridos nos estudos.
- Facilitar antes da apertura do prazo de matrícula de cada curso o programa de cada unha das materias, a bibliografía básica para a súa preparación, os horarios das clases teóricas e prácticas, titorías e datas de exames.
- Fomentar a mobilidade do estudantado, especialmente no Espazo Europeo de Ensino Superior.
- Posibilitar a realización de estudos universitarios de xeito simultáneo con outros xa iniciados.
- Garantir a propiedade intelectual dos traballos orixinais de carácter artístico, científico e/ou técnico que os estudantes realicen no marco da súa actividade discente.

## O dereito de representación

O Estatuto recoñécelle ao estudantado o dereito a participar nos órganos de goberno para promover e defender os seus intereses como colectivo universitario e participar así nos procesos de progresión e mellora da universidade.

As/os representantes do estudantado son as persoas elixidas polos membros deste colectivo para representalo nos órganos colexiados de goberno da universidade que son:

- **Claustro Universitario:** 28% de representación.
- **Consello Social:**  
1 representante, elixido polo Consello de Goberno.
- **Consello de Goberno:**  
Ata 8 estudantes elixidos de entre os representantes do Claustro Universitario polos membros deste colectivo.
- **Xunta de Facultade/Escola:** 28% de representación.
- **Consello de Departamento:** 28% de representación.
- **Consello de Instituto Universitario:** 28% de representación.

En todos os órganos colexiados, a duración do mandato da persoa representante do estudantado é de dous anos.

## O dereito de asociación

Para potenciar o asociacionismo e a participación do estudantado na vida ordinaria, o Estatuto do Estudantado nos seus artigos 15, 16, 17 e 18 proporciona o marco de desenvolvemento do dereito de asociación.

Son consideradas asociacións de estudantes da Universidade da Coruña, e como tales, poden solicitar o seu recoñecemento, aquelas asociacións que se constitúan validamente conforme ás disposicións legais vixentes e conforme ao Regulamento de Asociacións de Estudantes (aprobado no Consello de Goberno o 19 de decembro de 2005), que se pode consultar en:

[www.udc.gal/\\_galeria\\_down/sociedade/asociacionismo/regul\\_asoc\\_estud.pdf](http://www.udc.gal/_galeria_down/sociedade/asociacionismo/regul_asoc_estud.pdf)

Así mesmo, as asociacións terán que estar dadas de alta no Rexistro de Asociacións de Estudantes, creado ao abeiro do regulamento anteriormente citado.

O rexistro de asociacións pertencentes á UDC pódese consultar en:

[www.udc.gal/\\_galeria\\_down/sociedade/asociacionismo/rae.pdf](http://www.udc.gal/_galeria_down/sociedade/asociacionismo/rae.pdf)



## Os deberes

En canto ao capítulo de deberes, o alumnado debe respectar os principios de convivencia democrática, as normas de disciplina académica vixente e cumprir os Estatutos, regulamentos e normas da universidade.

○ Coidado do patrimonio e instalacións da universidade e o respecto á propiedade intelectual da comunidade universitaria son outros dos deberes que ten o estudantado da Universidade da Coruña.

Así mesmo, o estudantado da Universidade da Coruña ten o deber de contribuír responsablemente á avaliación e á mellora da calidade do ensino.

## 02 O Estatuto do Estudantado Universitario

○ Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo Real Decreto 1792/2010, é unha norma estatal na que se recollen os dereitos e deberes do estudantado universitario.

### Os dereitos

○ Estatuto diferencia os dereitos comúns a todo o estudantado e os específicos para o alumnado de grao, mestrado, doutoramento, formación continua e outros estudos ofrecidos polas universidades.

### Dereitos comúns a todo o estudantado

- Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e para o estudantado con discapacidade.
- Orientación e información antes de ingresar na universidade.
- Adquisición das competencias que correspondan aos estudos elixidos.
- A avaliación do rendemento académico responderá a criterios obxectivos e tenderá cara a avaliación continua.
- Información sobre inserción laboral e actividades de extensión universitaria.
- Conciliación do estudo coa vida laboral e familiar e recoñecemento do estudantado a tempo parcial.
- Recoñecemento académico pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

- Coñecemento e participación nos programas e observatorios de incorporación laboral.
- Participación nos procesos de avaliación institucional e nas Axencias de Aseguramento da Calidade Universitaria.
- Regulación dos desprazamentos do estudiantado de grao, mestrado e doutoramento, outorgándolles recoñecemento académico.
- Programas específicos de mobilidade, axudas e bolsas para realizar os traxectos dos traballos fin de grao, fin de máster e prácticas externas.
- Participación en programas de bolsas e axudas.
- Recoñecemento da autoría dos traballos e de competencias ou experiencias profesionais previas.
- Intervención no deseño, seguimento e avaliación da calidade docente.
- Garantías para acudir aos tribunais de avaliación, revisións de exames e reclamacións ante órganos competentes.
- Titorías personalizadas de titulación e de asignatura.
- Prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, tuteladas para garantir a súa calidade.
- Coñecemento antes da apertura do prazo de matrícula dos contidos, obxectivos, metodoloxía e sistema de avaliación das materias.

## **Deberes do estudiantado**

○ estudiantado universitario debe asumir o compromiso de ter unha presenza activa e responsable na universidade e respectar os seus estatutos e demais normas de funcionamento.

○ respecto aos membros da comunidade universitaria, o adecuado uso de bens e equipos e a abstención de procedementos fraudulentos nas probas de avaliación tamén son deberes do alumnado. Ademais, o estudiantado debe participar activamente nas actividades académicas que axuden a complementar a súa formación e participar de forma responsable nas actividades universitarias.

## **Consello de Estudantes Universitario do Estado**

○ Estatuto do Estudantado Universitario crea o Consello de Estudantes Universitario do Estado que se configura como un órgano de deliberación, consulta e participación do estudantado ante o Ministerio de Educación.

Entre as funcións do Consello encóntranse: ser interlocutor válido ante o Ministerio de Educación nos asuntos que concernen ao alumnado, a actuación dos órganos de goberno das universidades no relativo aos dereitos e deberes do estudantado, velar e fomentar a igualdade entre mulleres e homes no ámbito universitario, colaborar cos Defensores Universitarios, elevar propostas ao Goberno, coñecer os informes relacionados co mapa de titulacións e participar na fixación de criterios para a concesión de bolsas e axudas.

A UDC conta cun representante neste Consello.

### **Máis información**

Os textos completos dos Estatutos poden consultarse en:

[www.udc.gal/sape/estudiantes\\_udc](http://www.udc.gal/sape/estudiantes_udc)

[www.udc.gal/sobreUDC/documentos](http://www.udc.gal/sobreUDC/documentos)

### 03 **O valedor universitario**

O valedor universitario é o encargado de velar polo respecto dos dereitos e as liberdades do estudiantado. Encárgase de informar e tramitar consultas e/ou reclamacións que lle presente calquera membro da comunidade universitaria, quer do profesorado, do alumnado ou do persoal de administración e servizos, en defensa ou clarexamento dos seus dereitos.

### 04 **Oficina para a Igualdade de Xénero**

Esta oficina nace co obxectivo de eliminar calquera mostra de sexismo dentro da comunidade universitaria. Ademais, fórmase como obxectivo coñecer, informar e, de ser o caso, mediar nos posibles conflitos por discriminación de xénero na actividade académica e laboral da UDC.

Entre as propostas da Oficina de igualdade de xénero da UDC están as encamiñadas a fomentar e apoiar actividades relacionadas coa formación do profesorado, alumnado e PAS na concienciación e sensibilización a prol da igualdade de xénero. Ao mesmo tempo, con estas actividades preténdese axudar á visibilización do papel que exercen as mulleres na comunidade científica. Entre outras accións promove o Premio Mulleres Ciencia Arte.

#### **Máis información**

[www.udc.gal/gobierno/  
organos\\_colexiados\\_e\\_estatutarios/  
valedor\\_universitario/](http://www.udc.gal/gobierno/organos_colexiados_e_estatutarios/valedor_universitario/)  
[valedor@udc.es](mailto:valedor@udc.es)

#### **Máis información**

[www.udc.gal/oficinaigualdade](http://www.udc.gal/oficinaigualdade)  
[oficina.igualdade@udc.es](mailto:oficina.igualdade@udc.es)  
981 167 000 Ext. 3693

## 05 Centro de Estudos de Xénero e Feministas

Este Centro é un espazo de investigación de carácter aberto e multidisciplinar, no que teñen cabida todas aquelas persoas que desenvolven liñas investigadoras en materia de xénero e/ou feminismo. Está composto por profesorado que leva anos traballando nestes ámbitos con traxectorias xa consolidadas e tamén por persoas que inician o seu percorrido na área do xénero. Nútrese de disciplinas que levan décadas incluíndo a perspectiva de xénero no seu desenvolvemento e por outras cuxa incorporación é moito máis recente.

É tamén un espazo de formación onde se desenvolverán cursos en torno a diversas temáticas e dirixidos a distintos tipos de público, co obxectivo de ofertar contidos e formatos de gran calidade que supoñan unha mellora tanto da actividade investigadora como da práctica profesional neste ámbito, no caso de persoas que traballan ou queren traballar no eido da igualdade.

Por último, o CEXEF quere ser un espazo de encontro e de diálogo en permanente contacto coa realidade social máis próxima, así coma con redes de traballo e comunicación que nos permitan establecer conexións con outras latitudes.

### Máis información


[www.udc.gal/sociedade/igualdade/estudiosxenerocexef@udc.es](http://www.udc.gal/sociedade/igualdade/estudiosxenerocexef@udc.es)  
981 167 000 Ext. 2388

## 06 Observatorio Ocupacional

Nesta unidade de estudos económicos e estatísticos analízase a inserción laboral dos graduados universitarios fundamentalmente a través do seguimento dos titulados e da análise das competencias profesionais.

### Máis información

[www.observatorio.udc.gal](http://www.observatorio.udc.gal)



# Programas de intercambio universitario

## 5

- 01 | Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españoles (SICUE)
- 02 | Mobilidade Erasmus
- 03 | Mobilidade no marco de convenios bilaterais
- 04 | International Immersion Course
- 05 | Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

A Universidade da Coruña ofrécelle a oportunidade ao estudiantado de realizar parte dos seus estudos en institucións distintas á propia pertencentes ao ámbito estatal ou internacional.

A promoción destes programas tenta que os seus beneficios recaian sobre o maior número posible de alumnado, considerando sempre como primeira meta a calidade da mobilidade.



## 01 Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españols (SICUE)

**E**ste programa permite realizar unha parte dos estudos noutra universidade española, coa garantía do máximo aproveitamento, recoñecemento académico e adecuación ao perfil curricular do estudantado. Pode participar nesta mobilidade o estudantado de 1º e 2º ciclo, quedando excluído o alumnado de mestrados e doutoramento.

A estancia na universidade de destino durará 3, 4, 6 ou 9 meses. Un mesmo estudante non pode obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade, nin máis dun en cada curso académico.

Aproximadamente, contra finais de xaneiro e mediados de febreiro, as universidades adoitan facer a convocatoria de intercambio coas prazas correspondentes aos acordos bilaterais.

A información dos convenios, así como o impreso de solicitude pode atoparse na web da UDC no seguinte enderezo:

[www.international.udc.gal](http://www.international.udc.gal)

### **Mobilidade SICUE**

O programa Séneca consiste nas axudas económicas que acompañan os intercambios estatais. Estas axudas permiten cubrir gastos de desprazamento e estancia na universidade de destino. Pode acollerse a estas axudas o alumnado que obtivera unha praza na convocatoria SICUE. Ademais, pedirase unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1,5 para as titulacións de Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Experimentais e Ciencias da Saúde, e dun 1,2 para as titulacións técnicas. A convocatoria publícase no BOE aproximadamente no mes de marzo.

## 02 Mobilidade Erasmus

**E**ste programa está destinado ao estudantado da UDC de 1º ciclo/ grao, 2º ciclo/mestrado e 3º ciclo/doutoramento.

Existen dúas modalidades:

### ▪ Erasmus con fins de estudos:

Permite realizar parte dos estudos universitarios noutra universidade ou institución de ensino superior da Unión Europea coa cal exista un acordo Erasmus asinado previamente

### ▪ Erasmus prácticas:

- Para estudantado que aínda non rematou os seus estudos.
- Para estudantado recién titulado. Eses deben solicitar a mobilidade durante o último ano de estudo e realizar a mobilidade no curso seguinte, inmediatamente posterior a rematar os seus estudos.

○ estudante debe estar matriculado, ou cando menos ter sido admitido na titulación na que pretenda facer a mobilidade no momento de presentar a súa solicitude de mobilidade internacional, e matriculado en estudos de grao nun curso superior a primeiro, nun mestrado ou nun programa de doutoramento no momento de realización da estadía, e contar cun nivel B1 do MCERL na lingua de instrución que se vaia empregar na institución de destino, como requisitos mínimos.

A duración das estadías será dun mínimo de 3 meses e un máximo de 12 en total, por ciclo de estudo.

As convocatorias Erasmus publicase anualmente na Web da Oficina de Relacións Internacionais:

[http://www.udc.gal/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/](http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/)

### A Bolsa Erasmus

As bolsas Erasmus da Comisión Europea caracterízanse por ser bolsas académicas, é dicir, permiten ao estudantado estar exento de abonar na institución de destino calquera cantidade en concepto de taxas académicas ou administrativas, exames ou acceso a laboratorios e bibliotecas, ademais de asinar unha contía mensual para axuda a aloxamento, manutención e viaxe, segundo o país de destino. En ningún caso son bolsas económicas completas para cubrir os gastos totais. Polo que existen as “axudas cero”, é dicir que un bolseiro Erasmus pode ser bolseiro Erasmus con ou sen axuda financeira.

As bolsas Erasmus da Comisión Europea son compatibles con calquera outras bolsas convocadas por outros organismos públicos ou privados, salvo que ditos organismos especifiquen a incompatibilidade das súas axudas coa bolsa Erasmus. Os estudantes Erasmus poderán acceder a outras axudas Erasmus convocadas pola Comunidade Autónoma e polo MEC, verificando as condicións de cada convocatoria.

### 03 Mobilidade con fin de estudos no marco de convenios bilaterais

**E**ste programa está destinado ao estudiantado da UDC de 1º ciclo/grao, 2º ciclo/mestrado e 3º ciclo/doutoramento, para realizar estadias co fins de estudos en calquera universidade do mundo coa que exista un convenio de “intercambio Bilateral” asinado, fora especificamente do programa Erasmus.

○ estudante debe estar matriculado, ou cando menos ter sido admitido na titulación na que pretenda facer a mobilidade no momento de presentar a súa solicitude de mobilidade internacional, e matriculado en estudos de grao nun curso superior a primeiro, nun mestrado ou nun programa de doutoramento no momento de realización da estadia, e contar cun nivel B1 do MCERL na lingua de instrución que se vaia empregar na institución de destino, como requisitos mínimos.

A duración da estadia será dun mínimo de 3 meses e un máximo de 12.

As convocatorias para “intercambio Bilateral” publicase anualmente na Web da Oficina de Relación Internacionais:

[http://www.udc.gal/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/](http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/)

A UDC achega unha dotación de fondos propios para conceder bolsas a estudiantado de “intercambio Bilateral”.

○ criterio principal de selección dos bolseiros é o expediente académico.

Outros organismos públicos e privados poden ofrecer programas de bolsas para o estudiantado de “intercambio Bilateral”, que acostuman ser incompatibles coa bolsa propia do programa Bilateral da UDC.

## 04 International Summer School

A International Summer School da Universidade da Coruña ofrece unha selección de cursos intensivos de tres semanas impartidos por profesorado internacional, que están abertos a estudiantado español e estranxeiro de grao e posgrao, así como graduados recentes.

Os cursos impártense en inglés, teñen un valor académico de 6 créditos ECTS, e poden ser recoñecidos como optativos en planos de estudo oficiais da UDC.

O profesorado provén de diferentes universidades de todo o mundo e está integrado por recoñecidos expertos nos seus campos. Moitos deles participan activamente na investigación académica, a consultoría ou a administración.

Os cursos son unha oportunidade para que estudiantado e profesorado nacional e estranxeiro poidan participar nunha experiencia internacional, beneficiándose da súa interacción nalgún dos mellores lugares para un curso de verán en Europa.

## 05 Oficina de Relacións Institucionais (ORI)

**A** Oficina de Relacións Internacionais (ORI) coída da participación da Universidade da Coruña en proxectos e programas europeos, iberoamericanos e outros de interese para a comunidade universitaria. Ten como función informar, coordinar e asesorar á comunidade universitaria dos diferentes programas xa existentes, así como preparar e facer o seguimento dos convenios de relación internacionais da Universidade. Siga a actualidade das relacións internacionais na UDC en:

<http://uptodateinternacional.udc.gal/>

- ▶ Na Coruña:  
Casa do Lagar s/n  
Campus de Elviña  
rrii@udc.es  
981 167 000 Ext. 1956
- ▶ En Ferrol:  
Edificio de Apoio ao Estudo  
Campus de Esteiro  
riferrol@udc.es  
981 337 400 Ext. 3634


### Máis información

[www.udc.gal/estudantes/intercambio/index.html](http://www.udc.gal/estudantes/intercambio/index.html)

[www.udc.gal/ori/index\\_ori.html](http://www.udc.gal/ori/index_ori.html)

[www.udc.gal/goberno/equipo\\_reitoral/vice\\_relacions\\_internacionais\\_e\\_cooperacion/](http://www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/vice_relacions_internacionais_e_cooperacion/)

Ver tamén o apartado de premios, bolsas e axudas desta guía.




# Formación complementaria

## 6

- 01 | Aula de Formación Informática
- 02 | Centro de Linguas
- 03 | Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)
- 04 | Oficina de Cursos e Congresos

A Universidade da Coruña  
a través dos distintos  
servizos ofrece múltiples  
posibilidades para  
complementar a formación  
académica mediante cursos  
e actividades variadas.





## 01 Aula de Formación Informática

A Aula de Formación Informática encárgase da realización de cursos destinados a completar o coñecemento académico do alumnado relacionado coas novas tecnoloxías. Os cursos están orientados a todas as titulacións, albergando dende temarios de iniciación ata outros máis específicos e complexos.

A oferta de cursos publícase ao comezo de cada cuadrimestre. Previamente á matrícula é necesario facer unha preinscrición. Considerando as necesidades das diferentes titulacións, prográmanse cursos distintos para os Campus de Ferrol e da Coruña. Os cursos teñen validez oficial e recoñecemento de créditos de libre configuración.

## 02 Centro de Linguas

A súa meta é consolidar e mellorar os coñecementos de idiomas como o inglés, francés, alemán, italiano e portugués. Alén diso, o plano de ensino do centro complétase con cursos de galego e español dirixidos a estudantes de mobilidade Erasmus. Os cursos están clasificados en diferentes niveis de aprendizaxe. A oferta divídese en cursos regulares de 30 horas de duración e en cursos de conversa, de 15 horas, que poñen maior énfase no dominio de destrezas comunicativas.

A oferta de cursos realízase en catro quendas ao longo do ano académico (cursos de outono, inverno, primavera e verán).

O estudantado poderá examinarse do IELTS (*International English Language Testin System*), que é o exame requirido para entrar nunhas 1.200 entidades académicas e empresariais no ámbito anglosaxón.

### Máis información

[www.udc.gal/afi](http://www.udc.gal/afi)

[afi@udc.es](mailto:afi@udc.es)

- Na Coruña:  
Edificio Servizos Centrais  
de Investigación, andar - 4  
Campus de Elviña  
981 167 000 Ext. 5797
- En Ferrol:  
Edificio de Apoio ao Estudo ("Aulario")  
Campus de Esteiro

### Máis información

[www.udc.gal/centrodelinguas](http://www.udc.gal/centrodelinguas)

[centrodelinguas@udc.es](mailto:centrodelinguas@udc.es)

- Na Coruña:  
Facultade de Filoloxía  
Campus da Zapateira  
981 167 000 Ext. 4751
- En Ferrol:  
Edificio de Apoio ao Estudo  
Campus de Esteiro  
981 167 000 Ext. 3626

### 03 **Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)**

O CUFIE, a través do Plano de Apoio e Aprendizaxe, realiza unha oferta de cursos e obradoiros que teñen como finalidade proporcionarlle ao estudiantado os recursos necesarios para afrontar en mellores condicións os retos do ensino universitario. Organízanse en torno aos tres ámbitos seguintes:

- Mellora das competencias interpersonais: técnicas de relaxación e saúde, traballo en equipo e dinámicas de grupos, habilidades sociais, etc.
- Coñecemento da universidade: servizos da UDC, cuestións xurídico-administrativas, etc.
- Destrezas metodolóxicas e cognitivas: xestión eficaz do tempo, técnicas de exposición oral, técnicas de traballo e estudo, realización de traballos de investigación, utilización da Internet como apoio para a formación, etc.

Normalmente, desenvólvense entre o mes de outubro e de maio. Cada un dos cursos está recoñecido cun crédito de libre configuración.

#### **Máis información**

[www.udc.gal/cufie/ufa](http://www.udc.gal/cufie/ufa)  
[administracion.cufie@udc.es](mailto:administracion.cufie@udc.es)  
981 167 000 Ext. 4860

### 04 **Oficina de Cursos e Congresos**

A Oficina de Cursos e Congresos recolle toda a información sobre os cursos de verán, congresos, simposios, xornadas e conferencias que se organizan na Universidade da Coruña. Subvencionar economicamente (por medio de convocatorias) a realización destas actividades e a realización dos cursos de verán.

#### **Máis información**

[www.udc.gal/occ](http://www.udc.gal/occ)  
[occ@udc.es](mailto:occ@udc.es)  
Casa do Lugar  
Campus de Elviña  
981 167 000 Ext. 1963

# Actividades culturais, deportivas e de cooperación

## 7

01 | Cultura

02 | Deportes


03 | Oficina de Cooperación  
e Voluntariado

04 | Centro de Extensión Universitaria  
e Divulgación Ambiental de  
Galicia (CEIDA)

05 | Oficina de Medio Ambiente  
(OMA)

A educación, para a Universidade da Coruña, vai máis aló das aulas e dos laboratorios. Aposta por todas aquelas iniciativas e actividades complementarias que leven ao estudiantado a se formar integralmente, a ser membro activo da cidadanía, a fortalecer tanto o seu gusto como a súa saúde, e a ter criterio propio.

A participación en actividades universitarias culturais, deportivas, solidarias e de cooperación poderán obter recoñecemento académico de, polo menos, ó créditos.



## 01 Cultura

A Universidade da Coruña aposta por estender a cultura dentro e fóra da institución, implicándose na vida cidadá e intervindo de xeito expansivo no enriquecemento cultural da sociedade.

### ► No Campus da Coruña:

As accións encamiñadas a acadar este reto céntranse a través de NORMAL, espazo de intervención cultural e laboratorio experimental de procesos artísticos vinculados á contemporaneidade: danza, literatura, cinema en vivo, artes visuais, teatro, performances, exposicións-work in progress, artistas en residencia, obradoiros de creación, música avanzada, debates...

NORMAL. Espazo de intervención cultural da UDC  
Paseo de Ronda 47, A Coruña  
981 167 000 Ext. 4502  
info@istoenormal.org  
www.istoenormal.org  
facebook.com/istoenormal  
twitter.com/istoenormal  
flick.com/istoenormal  
vimeo.com/istoenormal

### Obradoiros de Creación

#### Fotografía

Cursos de técnica fotográfica no que se aprende a manexar diversas cámaras fotográficas, desde unha estenopeica ata unha SLR (réflex) dixital. Dende iniciación

ata perfeccionamento. Impartido: por Pablo Mella, fotógrafo e arquitecto.

#### Danza

Cursos de iniciación e perfeccionamento de danza contemporánea. Ademais do coñecemento da disciplina durante o primeiro cuatrimestre, existe a posibilidade de ser seleccionado para participar na produción da Aula de Danza no segundo cuatrimestre. O espectáculo xurdido desta produción representa a UDC en diferentes festivais. Profesora: Rut Balbís, intérprete de danza, coreógrafa e bailarina da compañía Pisando Ovos.

#### Teatro

Ensaio e funcións dun espectáculo de teatro que representará a UDC en diferentes festivais. Dirección : Rubén Ruibal, coordinador da Aula de Teatro e Danza da UDC, Premio Nacional de Literatura Dramática, director e autor teatral.

#### Interpretación Teatral

Curso práctico dirixido especialmente a persoas que se inician na interpretación teatral ou teñen pouca experiencia. Traballo de corpo, voz, dinámicas de grupo, construción de personaxes e tratamento de textos. Posibilidade de participar nos ensaios e creación dun espectáculo teatral no segundo cuatrimestre. Profesor: Carlos Losada, autor e director teatral.

## Festivais - FITEUC

Todos os anos ao chegar abril, a danza e o teatro inundan o campus e a Cidade co Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña. Estase a preparar a XXII edición en que se poderán ver a actualidade do teatro e da danza universitaria internacional.

## O Olló da Arte

Obradoiro de creación artística contemporánea para coñecer, descubrir e valorar o feito contemporáneo e a creación actual a través dunha mirada propia. Profesora: Antía Otero, escritora, creadora e actriz.

## Laboratorio das Letras

Achega aos participantes ao entramado literario dende unha visión actual e contemporánea a través da teoría e a práctica.

A área de cultura tamén desenvolve cursos de cociña, repostaría, de desenvolvemento persoal, de iniciación á mecánica do automóbil, etc. Organiza rutas culturais (Ribeira Sacra, Salinas de Añana, etc), viaxes ao estranxeiro por Semana Santa, e outras actividades de que se informará ao longo do curso.

## Coro Universitario

Dirixido por Rupert Twine, no mes de setembro organiza probas de novas voces. Participa nos actos institucionais da Universidade e ofrece varios concertos ao longo do curso académico.

## ▀ No Campus de Ferrol:

As actividades culturais sitúanse no Centro Cultural Universitario onde teñen lugar os obradoiros, as exposicións e todas as iniciativas que se desenvolven no campus.

Centro Cultural Universitario  
981 337 400 Ext. 3697  
cultura.ferrol@udc.es

## Interpretación Teatral – TUF (Teatro Universitario de Ferrol)

Curso práctico dirixido a persoas que se inician na interpretación teatral ou teñen pouca experiencia. Traballo de corpo, voz, dinámicas de grupo, construción de personaxes e tratamento de textos. Posibilidade de participar nos ensaios e creación dun espectáculo teatral no segundo cuadrimestre. Profesor: Gonçalo Guerreiro. Actor, director e produtor teatral e un dos responsables artísticos da compañía Elefante Elegante.

### Máis información

Área de Cultura  
[www.udc.gal/cultura](http://www.udc.gal/cultura)

*Actividades culturais A Coruña*  
[cultura.coruna@udc.es](mailto:cultura.coruna@udc.es)

- ▀ A Coruña  
Casa do Lagar  
Campus de Elviña  
981 167 000  
Exts. 1954/1962/  
1975/

*Actividades culturais Ferrol*  
[cultura.ferrol@udc.es](mailto:cultura.ferrol@udc.es)

*Aula de teatro*  
[aula.teatro@udc.es](mailto:aula.teatro@udc.es)

*Aula de danza*  
[aula.danza@udc.es](mailto:aula.danza@udc.es)

- ▀ Ferrol  
Centro Cultural  
Universitario  
981 337 400  
Ext. 3697

## 02 Deportes

Na Universidade da Coruña existen as canles adecuadas para lle tirar partido, sexa cal for a súa preferencia, a actividades colectivas ou individuais, como mantemento físico ou como participe das ligas internas ou en competicións de alto nivel.

Convivencia e exercicio físico é o binomio que a Universidade da Coruña propón dende a súa Área de Deportes como vía para a interrelación do estudante e a súa implicación e integración na comunidade. Unha subscripción ao Abono Deporte permite, ademais, o acceso gratuíto ás instalacións deportivas, así como importantes descontos nas actividades deportivas.

### Competición

A nivel competitivo, a Universidade da Coruña organiza ligas internas nas que equipos de estudantes participan, durante o curso, en competicións de baloncesto, fútbol 7, fútbol sala, rugby, voleibol, torneos de pádel, tenis, bádminton, tenis de mesa, tiro con arco e xadrez. Alén diso, participase noutras competicións externas como os Campionatos Galaico-Durienses, ou os campionatos galegos universitarios.

### Federación

A UDC conta con varios equipos federados como o de tiro con arco ou voleibol feminino. Así como acordos de colaboración co Sporting Universidade, Basket Coruña, ou co OAR Balonmán, etc.

### Formación

A UDC tamén dispón dunha ampla oferta formativa en materia deportiva. Así, existen escolas de xadrez, pilates,

esgrima, ioga, gap, tenis, voleibol, tiro con arco, rugby, tenis de mesa, iudo, taekwondo, unibike, pádel ou escalada. Hai que engadir, tamén, cursos puntuais de carreiras de orientación, golf, fútbol gaélico e cursos de tenis e de escalada nas modalidades de iniciación e perfeccionamento, e outras actividades formativas como os cursos de catamarán, vela lixeira, windsurf, paddle surf e surf e cursos de formación conducentes á obtención dun título oficial e validables por créditos de libre elección ou recoñecemento de créditos como cursos de monitor de tempo libre, mergullador ou patrón de embarcación de recreo.

### Unidade de Exercicio e Saúde (UES)

Os servizos que presta a UES agrúpanse en dous bloques fundamentais: Avaliación para a práctica de exercicio e Aseoramento para a práctica de exercicio.

### Natureza e mar

O enclave xeográfico da universidade facilita o contacto co contorno natural para a práctica de deportes como a camiñada, o pontismo, o balsismo, as rutas a cabalo, a bicicleta de montaña, as actividades náuticas, así como a programación de excursións e saídas para a práctica de esquí no inverno.

O **Abono DXT** permite a inscrición gratuíta nas ligas universitarias, o alugueiro gratuíto de instalacións deportivas, descontos en escolas deportivas e en actividades e cursos. O seu prezo é de 25 € e a súa validez é dun ano académico. Para obtelo hai que marcar a opción na folha de matrícula e a partir do 1 de outubro facer a inscrición na oficina da Área de Deportes.

### Máis información

[www.udc.gal/deportes/](http://www.udc.gal/deportes/)

- Na Coruña:  
Pavillón de Deportes  
Campus de Elviña, s/n  
981 167 000 Ext. 1904/1901
- En Ferrol:  
Centro Cultural Universitario  
15403 Campus de Esteiro  
Ext. 3328/3622

## 03 Oficina de Cooperación e Voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado pretende responder ás inxerencias sociais e solidarias do estudantado traballando en programas de cooperación cos países en vías de desenvolvemento e realizando tarefas de voluntariado social. Componse de dúas delegacións, unha na Facultade de Socioloxía do Campus de Elviña, na Coruña e outra no Campus de Esteiro, en Ferrol. As canles de participación na sociedade que propón a Oficina de Cooperación e Voluntariado son tres:

- **Voluntariado:** a través dos programas e proxectos coa infancia e xuventude, coas mulleres, cos reclusos, coas persoas transeúntes, coas persoas inmigrantes, coas persoas hospitalizadas ou coas persoas con discapacidade.
- **Cooperación:** a través das diferentes campañas de sensibilización ou das

convocatorias específicas para os membros da comunidade universitaria.

- **Formación:** participando no plano de formación en educación para o desenvolvemento que se oferta durante todo o curso académico.

### Máis información

[www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv)

- Na Coruña:  
[ocv@udc.es](mailto:ocv@udc.es)  
Facultade de Socioloxía, 1º andar  
1507 Campus de Elviña  
981 167 000 Ext. 4800
- En Ferrol:  
Centro Cultural Universitario, 1º andar  
15403 Campus de Esteiro  
Ext. 3677  
[ocvfer@udc.es](mailto:ocvfer@udc.es)

## 04 Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

O CEIDA, con sede no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), ten entre os seus obxectivos dar a coñecer o noso patrimonio natural, histórico e cultural. Trátase dun lugar de encontro e de reflexión sobre os problemas do medio ambiente, materializados en forma de cursos, xornadas, conferencias, obradoiros, programas de educación ambiental, seminarios; sen esquecer a divulgación ambiental que se realiza dende o Centro de Documentación Ambiental Domingo



Quiroga, que forma parte do CEIDA. A situación ambiental aos diferentes niveis analízase en áreas de traballo, como Conservación, Medio Mariño, Cambio Climático, Forestal, Municipal ou Cooperación, dende as que se contribúe a espertar a conciencia individual e colectiva da necesidade de cambio de actitudes cara ao medio ambiente.

#### Máis información

[www.ceida.org](http://www.ceida.org)  
[ceida@ceida.org](mailto:ceida@ceida.org)

## 05 Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (OMA-UDC), ten a función de participar na coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental na UDC.

Os obxectivos e funcións da OMA teñen que ver con dous campos prioritarios, como a xestión ambiental xeral e a sensibilidade e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente.

As actuacións encádranse nos seguintes tres eidos:


- **Avaliación, información e divulgación ambiental nos campus da UDC:** cálculo e análise da pegada ecolóxica na UDC; elaboración dun sistema de indicadores ambientais

para a universidade e outro de información ambiental; elaboración dunha guía para a sustentabilidade.

- **Participación e corresponsabilidade ambiental:** modelo de participación e corresponsabilidade da comunidade (comisión de medio ambiente, rede de bolseiras/os, voluntariado, programa de préstamo de bicicletas, curso de hortifruticultura ecolóxica, obradoiro aprendendo a facer compost...).
- **Proxectos sectoriais concretos relacionados coa xestión e a sustentabilidade ambiental:** plan de mobilidade sostible, auditoría e plan de eficiencia enerxética, xestión sustentable de residuos orgánicos e augas residuais, implantación dunha recollida selectiva avanzada de residuos, Proxecto Sostauga, urbanismo sostible no campus da UDC, restauración forestal, agrícola e paisaxística.

#### Máis información

[www.udc.gal/sociedade/medio\\_ambiente](http://www.udc.gal/sociedade/medio_ambiente)  
[oma@udc.es](mailto:oma@udc.es)




# Información, asesoramento e axuda

## 8

- 01 | Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudantado (SAPE)
- 02 | Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI)
- 03 | Plano de Acción Titorial (PAT)
- 04 | Viveiro de empresas de base tecnolóxica
- 05 | Servizo de Normalización Lingüística (SNL)

Existen varios servizos dedicados a atender as necesidades de información, asesoramento e axuda que poidan xurdir en distintos momentos do percorrido universitario, así como as necesidades específicas derivadas daquelas situacións persoais que precisan dunha atención diferenciada.

Ademais dos servizos, a implantación dos graos e mestrados universitarios oficiais leva aparellado o deseño e desenvolvemento de actividades de información e apoio a nivel de centro. Neste novo escenario revalorízase a función titorial do profesorado, desenvólvense planos de acción titorial e créase a figura da/o profesora/profesor titora/titor dun grupo pequeno de alumnas/os.



## 01 **Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudantado (SAPE)**

É un servizo de referencia para o estudantado. A súa función consiste en informar sobre un amplo abano de aspectos da vida universitaria: acceso aos estudos universitarios, normativa académica, premios, bolsas propias da UDC e axudas, titulacións, centros e servizos da UDC, estudos de grao e posgrao, cursos, xornadas e congresos, programas de intercambio, asociacionismo, actividades deportivas, culturais, de cooperación e de voluntariado, transporte, aloxamento universitario, carnés xuvenís, etc. Outro dos servizos con que conta é un taboleiro de anuncios sobre vivenda.

Así mesmo conta con persoal específico de orientación laboral e emprendemento para asesorar ao estudantado e recién egresados: Facilitar a inserción laboral no emprego público e privado,

### **Máis información**

[www.udc.gal/sape](http://www.udc.gal/sape)

- A Coruña:  
sape@udc.es  
emprego.vedc@udc.es  
Pavillón de Estudiantes, Campus de Elviña  
981 167 000  
Exts. 2900/2915/2912/2916/2903/2901
- Ferrol:  
sapefer@udc.es  
Edificio de Apoio ao Estudo, Campus de Esteiro  
981 337 400  
Exts. 3672/3675/3650/3616/3617/3618

fomentar a formación permanente e o desenvolvemento de competencias profesionais conforme ás esixencias do mercado laboral, intermediar entre oferta e demanda de prácticas e emprego, considerar o autoemprego como alternativa ao emprego por conta allea, fomentar a cultura emprendedora, fomentar a innovación mediante as ideas empresariais de base tecnolóxica, etc.

## 02 **Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI)**

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade está integrada no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE). O seu cometido é facilitar e promover a plena integración do alumnado que presente algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial. A UDC, en cumprimento da lexislación, reserva o 5% das prazas en cada titulación para solicitantes que teñan certificada unha discapacidade. Desde esta unidade lévanse a cabo as seguintes actuacións: Dende esta unidade lévanse a cabo as seguintes actuacións:

- Divulgación de información nos centros de secundaria sobre a ADI e os apoios que presta ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Na folia de matrícula a futura/o estudante ten a opción de declarar que ten unha ou máis necesidades específicas. Unha vez que esta información chega á unidade ADI, esta inicia o contacto co alumnado.

- Xestión de transporte adaptado para o alumnado con dificultades para desprazarse. Este servizo solicítase no prazo que se abre a principios de curso.
- Asistencia persoal nos períodos de asistencia á clase. Esta asistencia tamén se solicita no prazo habilitado ao comezo do curso.
- Información de interese para o alumnado con necesidades educativas específicas (entre outras, bolsas, axudas, etc.).
- Información e asesoramento ao profesorado da UDC sobre as necesidades específicas do seu alumnado e, de ser o caso, sobre as adaptacións que podería realizar para facilitar a aprendizaxe deste colectivo.

#### Máis información

[www.udc.gal/cufie/uadi](http://www.udc.gal/cufie/uadi)  
 adi@udc.es

Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)  
 Universidade da Coruña  
 Edificio Xoana Capdevielle, 1º andar  
 Campus de Elviña  
 981 167 100 Exts. 5622/5623

### 03 Plano de Acción Titorial (PAT)

O PAT é un plano de acción titorial que comezou a implantarse no curso 2007-2008. A función principal do PAT é a de ofrecer a cada alumna e alumno, dende que comeza os seus estudos, unha persoa de referencia —unha titora

ou titor— que ten como misión informal, apoialo e orientalo en distintos ámbitos: académico, administrativo, profesional, persoal e social. Ao abeiro do PAT, tamén se poden desenvolver outras actividades destinadas a atender as necesidades de información e orientación que se presentan ao longo da traxectoria universitaria (entre outras, as relacionadas coa elección de posibles itinerarios, coa inserción profesional no mercado laboral e coa continuación de estudos).

Na web da escola ou facultade na que estudas podes atopar máis información sobre o PAT da túa titulación.

### 04 Viveiro de empresas de base tecnolóxica

Ten por obxecto prestarlle apoio a iniciativas empresariais de base tecnolóxica e favorecer así a súa posta en marcha e a entrada no mercado. Está destinado aos proxectos que partan da comunidade universitaria, xa sexan estudantes, docentes, investigadores, xa persoal da administración e servizos.

Está situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación e dispón de seis locais equipados con acceso á rede. Tamén están á disposición dos emprendedores salas para presentacións, reunións e outros servizos comúns.

#### Máis información

<http://otri.udc.gal>  
 981 167 000 Ext. 1494

## 05 **Servizo de Normalización Lingüística (SNL)**

Ofrécelle ao alumnado asesoramento en lingua galega (resolución de dúbidas lingüísticas, revisión de textos, información sobre dereitos lingüísticos e sobre actividades de promoción do galego, etc.) e cursos de formación (convocatorias xerais de cursos de lingua galega e convocatorias específicas segundo demanda do propio estudantado).


Tamén convoca anualmente axudas económicas para a realización de traballos de investigación en galego (traballos de fin de carreira e de pos-grao, teses de licenciatura e teses de doutoramento).

Igualmente, organiza cada ano un curso sobre dinamización lingüística no mes de xullo e unhas xornadas sobre lingua e usos en novembro, así como outras actividades de promoción do galego dirixidas fundamentalmente ao alumnado da UDC. Así mesmo, convoca anualmente o Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras dirixido especificamente ao estudantado universitario.

### **Máis información**

[www.udc.gal/snl](http://www.udc.gal/snl)

- Na Coruña:  
A Reitoría. A Maestranza  
[snl@udc.es](mailto:snl@udc.es)  
981 167 000 Exts. 1042/1055/1154
- En Ferrol:  
Edificio de Apoio ao Estudo  
Campus de Esteiro  
[snlfe@udc.es](mailto:snlfe@udc.es)  
981 337 400 Ext. 3683





# Premios, bolsas e axudas

## 9

- 01 | Bolsas e axudas do Ministerio de Educación
- 02 | Bolsas e axudas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- 03 | Premios, bolsas e axudas da UDC
- 04 | Outras bolsas

Nos cadros que seguen preséntase, a título indicativo, a oferta de bolsas e axudas destinadas ao estudantado universitario, clasificadas en función do organismo ou entidade pública ou privada que as impulsan. Con este criterio aparecen as bolsas propias da Universidade da Coruña, as da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as do Ministerio de Educación e as que promoven outros organismos e entidades públicas e privadas.

## 01 Bolsas e axudas do Ministerio de Educación

Bolsas	Obxecto	Destinatarios
<b>Bolsas da convocatoria xeral</b>	Facilitar a realización de estudos universitarios. Contemplan distintos tipos de axudas (compensatoria, material didáctico, desprazamento, residencia, matrícula).	Alumnado de titulacións oficiais de grao, de 1º e 2º ciclo e mestrados oficiais.
<b>Bolsas de colaboración en departamentos</b>	Facilitar a colaboración do alumnado en actividades dos departamentos.	Alumnado de último curso de titulacións oficiais.
<b>Programa Erasmus+</b>	Mobilidade de estudantes de institucións de Educación Superior	Estudiantado das Institucións de Educación Superior que destaquen polo seu expediente académico, seleccionados pola propia institución.
<b>Axudas para inmersión lingüística en España</b>	Internado dunha semana para afianzamento do idioma Inglés.	Alumnado bolseiros do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
<b>Axudas para cursos de lingua inglesa no estranxeiro</b>	Realizar cursos de lingua inglesa.	Titulados no Mestrado de Profesorado e Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Mestras/mestres e alumnado das titulacións de mestre.
<b>Premios nacionais á excelencia académica no rendemento universitario</b>	Premiar ao estudantado que finalizou os estudos universitarios cos mellores expedientes académicos.	Estudiantado que rematou os seus estudos en universidades españolas.
<b>Profesorado nas Seccións Bilingües de Español</b>	Oferta de prazas de profesorado nas sección bilingües de centros educativos estranxeiros	Titulados españois segundo o establecido na convocatoria.
<b>Certame "Arquímedes" de introducción á investigación científica</b>	Fomentar a iniciativa investigadora dos xóvenes estudantes universitarios	Estar cursando ou ter finalizado estudos de mestrado, grao, licenciado, enxeñeiro superior, enxeñeiro técnico, arquitecto ou arquitecto técnico nalgún dos centros españois durante o curso 2013/2014.
<b>Axudas para Mestrados</b>	Realización de programas de mestrado en EE:UU	Graduados e licenciados en titulacións de Artes, Humanidades, e Ciencias Sociais.

Bolsas	Obxecto	Destinatarios
<b>Programa Salvador de Madariaga</b>	Contratos predoutorais	Licenciado, equivalente ou cursando o último ano da titulación que habilite para desenvolver un proxecto de tesis doutoral, dentro das áreas científicas de interés do programa.
<b>Axudas para a formación de profesorado (FPU)</b>	Formación de FPU en programas de doutoramento en calquera área de coñecemento	Titulados universitarios que cumpran os requisitos especificados nas bases da convocatoria para cada categoría de axudas.
Colexio de España de la Cité Internationale Universitaire de Paris	Convocatoria de 90 prazas de residente de larga duración en París	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Residente investigador: posuír o título de doutor.</li> <li>b. Residente estudante: ter superado o terceiro ano de estudos universitarios, ou haber obtido o título de grdo e non posuír o título de doutor.</li> <li>c. Residente artista: realizar estudos ou investigación artística, musicais, literarias, ou outras actividades de creación cultural.</li> </ul>
Subvencións a Asociacións Xuvenís, Federaci3ns, e Confederaci3ns de Estudiantes Universitarios	Financiar os gastos derivados da organizaci3n de actividades dirixidas a fomentar a participaci3n estudiantil nas Universidades.	Asociaci3ns xuvenís, Federaci3ns e Confederaci3ns de estudantes de 3mbito nacional implantadas no Sistema Universitario e en m3is dunha Comunidade Aut3noma.

## 02 Bolsas e axudas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Bolsas	Obxecto	Destinatarios
<b>Axudas, para a realización de estudos universitarios durante o curso 2014/2015 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.</b>	Alumnado que non cumpre os requisitos da convocatoria do MEC que curse ensinanzas universitarias oficiais de grao ou ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de licenciado, enxeñeiro, arquitecto.	Alumnado que inicia estudos universitarios de grao e alumnado de continuación de estudos universitarios oficiais de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura.
<b>Bolsas e axudas ao estudo de carácter Especial</b>	Facer fronte a causas sobrevidas ou imprevistas que requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos económicos que lle permitan continuar os estudos.	Alumnado galego, descendente de galegos ou con residencia en Galicia que curse estudos universitarios de grao, de 1º e 2º ciclo.
<b>Bolsas para galegos residentes no exterior</b>	Prórroga da realización de estudos universitarios oficiais, de 1º e/ou 2º ciclo e graduado.	Alumnado galego residente no exterior
<b>Axudas complementarias do programa de acción da Unión Europea de mobilidade de estudantes Erasmus e Suíza</b>	Favorecer a mobilidade do estudiantado.	Alumnado participante no programa de mobilidade Erasmus.
<b>Bolsas para mobilidade a países extracomunitarios</b>	Favorecer e facilitar a mobilidade do estudiantado en programas que non sexan Erasmus.	Alumnado universitario matriculado en titulacións oficiais nas universidades Galegas ou centros asociados da UNED en Galicia.
<b>Bolsas para o desenvolvemento de actividades de formación académica de curta duración</b>	Mellorar a formación académica por medio de estadias formativas de curta duración noutros centros de estudos superiores, empresas ou institucións fóra de Galicia	Grupos de alumnado universitario que estude no Sistema Universitario de Galicia
<b>Financiamento de viaxes para estadias en Estados da Unión Europea</b>	Favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento dun segundo idioma.	Estar matriculado nun mínimo de 50 créditos incluído o proxecto fin de carreira en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia
<b>Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia</b>	Recoñecer a excelencia académica dos estudantes do Sistema Universitario Galego.	Estudantes cos mellores expedientes académicos e que posúen a nacionalidade española ou dun dos países da Unión Europea.

<b>Bolsas</b>	<b>Obxecto</b>	<b>Destinatarios</b>
<b>Lectorados de lingua, literatura e cultura galegas</b>	Oferta de lectorados de lingua, literatura e cultura galega en diversas universidades Españolas e Europeas	Titulados universitarios que posúan algunha das titulacións requiridas na convocatoria.
<b>Axudas a estudos oficiais de Mestrado Universitario</b>	Financiamento dos Custos da matrícula de mestrado Universitario Oficial	Titulados universitarios en situación laboral de desemprego.
<b>Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento</b>	Realizar a tese de doutoramento.	Alumnado matriculado en programas de doutoramento nas universidades galegas.
<b>Prazas de colaboradores bolseiros Para residencias xuvenís</b>	Ofertar prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes.	Estudiantado universitario con escasos recursos.

## 03 Premios, bolsas e axudas da UDC

Tipo de bolsa	Obxecto	Destinatarias/os
<b>Premios Universidade da Coruña á excelencia académica no Bacharelato</b>	Premiar ao alumnado cos mellores expedientes académicos no Bacharelato.	Alumnado de novo ingreso que teña acadado resultados académicos de excelencia no Bacharelato.
<b>Axudas para o estudiantado gañador de olimpíadas científicas</b>	Recoñecer e premiar aos gañadores das competicións científicas.	Alumnado de novo ingreso gañador dos primeiro, segundo e terceiro premio das olimpíadas científicas de Bioloxía, Física, Matemáticas e Química.
<b>Axudas para residencias universitarias concertadas</b>	Facilitar o acceso a unha residencia universitaria.	Estudantes de 1º e 2º ciclo , grao e mestrado universitario oficial
<b>Aloxamento e manutención na Residencia Siglo XXI</b>	Actividades de titorización do alumnado.	Alumnado de últimos cursos de Arquitectura, Arquitectura Técnica, Enxeñaría de Camións, Canais e Portos.
<b>Axuda ao transporte</b>	Proporcionar ao alumnado con menor renda descontos no transporte urbano universitario.	Alumnado matriculado nunha titulación oficial.
<b>Axudas para estudantes con necesidades educativas especiais</b>	Axudar economicamente para atender ás necesidades de transporte e á provisión de recursos e materiais de apoio específicos.	Estudantes con recoñecemento legal da condición de minusvalía e matriculados nun centro propio e nunha titulación oficial (diplomatura, licenciatura, grao e mestrado).
<b>Bolsas para situación de dificultade económica sobrevida</b>	Contribuír a paliar as dificultades económicas sobrevidas que impidan a continuación dos estudos.	Estudantes matriculados en titulacións oficiais da Universidade da Coruña.
<b>Bolsa e axudas ao estudo da UDC</b>	Estudantes dun título de oficial de graduado ou equivalente na UDC	Alumnado en situación económica difícil ou que non acadou os requisitos para acceder a bolsa do MEC
<b>Axudas ás asociacións de estudantes</b>	Promover o asociacionismo estudiantil e o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións de estudiantado da UDC.	Asociacións que figuren no Rexistro de Asociacións da UDC.
<b>Bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da UDC</b>	Promover a formación colaborando en tarefas relativas a actividades desenvolvidas por servizos, bibliotecas, aulas net, laboratorios e departamentos da UDC	Alumnado matriculado nos derradeiros cursos de titulacións oficiais da UDC e que non supere os 28 anos no período de disfrute da bolsa.
<b>Bolsas Iberoamérica. Estudiantes de grao Santander-Universidades</b>	Promover as estadias en universidades de Argentina, Brasil, Chile, Colombia, México, Perú e Uruguai	Alumnado de Grao, Licenciatura
<b>Bolsas Fórmula Santander</b>	Fomentar a mobilidade de estudantes ao Brasil e o Reino Unido.	Estudantes españois de grao e posgrao.

Tipo de bolsa	Obxecto	Destinatarias/os
<b>Bolsas Hi-Training do programa Leonardo da Vinci de prácticas en empresas europeas</b>	Facilitar a realización de prácticas e empresas europeas.	Estudantes da Universidade da Coruña titulados nos dous últimos anos.
<b>Bolsas SANTANDER CRUE CEPYME Prácticas en Empresa</b>	Prácticas remuneradas en empresas 3 / 6 meses	Estudantes da UDC que superasen o 50% dos créditos
<b>Axuda para cursar estudos de posgrao propios (mestrado ou curso de especialización)</b>	Reducir o custo da matrícula cando se cubra o número mínimo de prazas.	Titulados universitarios. <a href="http://www.udc.gal/uepp/gl/infGeneral/bolsas.htm">http://www.udc.gal/uepp/gl/infGeneral/bolsas.htm</a>
<b>Bolsa UDC-Banco de Santander para mestrados</b>	Realizar mestrados oficiais. Bolsas de renovación e nova adjudicación.	Axuda para alumnado matriculado en mestrados universitarios oficiais.
<b>Axuda para estudos de mestrados destinada a estudantes iberoamericanos</b>	Realizar estudos de mestrados oficiais.	Alumnado iberoamericano non residente matriculado en mestrados universitarios oficiais.
<b>Bolsas EIDUDC-Inditex</b>	Estadías predoutorais no estranxeiro.	Estudantado matriculado en programas de doutoramento na UDC.
<b>Convocatoria contratos predoutorais da UDC</b>	Realizar a tese de doutoramento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nova adjudicación: doutorandos na fase de elaboración da tese e que non acadaron outras bolsas para este fin.</li> <li>▪ Renovación: doutorandos na fase de elaboración da tese e que obtivesen no ano anterior un contrato predoutoral de nova adjudicación da UDC.</li> </ul>
<b>Axudas para a realización de traballos científicos en galego</b>	Promover a utilización da lingua galega.	Estudantado que realice a tese de doutoramento, de licenciatura, traballo fin de mestrado e proxecto fin de carreira.
<b>Premios extraordinarios Fin de Carreira UDC</b>	Premiar o alumnado co mellor expediente académico en cada titulación.	Alumnado que remate os seus estudos na Universidade da Coruña.
<b>Premios extraordinarios de Doutoramento</b>	Premiar as mellores teses de doutoramento defendidas na Universidade da Coruña.	Teses de doutoramento defendidas na UDC que obtivesen a cualificación de "apto cum laude" ou "sobresaliente cum laude".
<b>Colaboración exposición construción naval de Ferrol</b>	Actividades de apoio relacionadas coa Exposición Nacional da Construción Naval de Ferrol.	Matriculado en estudos oficiais da Facultade de Humanidades e Documentación

## 04 Otras bolsas

Bolsas	Más información
Bolsas MAEC-AECID	<a href="http://www.aecid.es">www.aecid.es</a>
Fundación Amancio Ortega	<a href="http://www.faortega.org">www.faortega.org</a>
Fundación Barrié	<a href="http://www.fundacionbarrie.org">www.fundacionbarrie.org</a>
Fundación Botín	<a href="http://www.fundacionbotin.org">www.fundacionbotin.org</a>
Fundación Carolina	<a href="http://www.fundacioncarolina.es/">www.fundacioncarolina.es/</a>
Fundación José Carreras	<a href="http://www.fcarreras.org/">www.fcarreras.org/</a>
Fundación La Caixa	<a href="http://www.obrasocial.lacaixa.es">www.obrasocial.lacaixa.es</a>
Fundación Mapfre	<a href="http://www.fundacionmapfre.org">www.fundacionmapfre.org</a>
Fundación María José Jove	<a href="http://www.fundacionmariajosejove.org">www.fundacionmariajosejove.org</a>
Fundación Martín Escudero	<a href="http://www.fundame.org">www.fundame.org</a>
Fundación Reina Sofía	<a href="http://www.fundacionreinasofia.es/">www.fundacionreinasofia.es/</a>
Fundación Repsol	<a href="http://www.fundacionrepsol.com">www.fundacionrepsol.com</a>
Fundación Iberdrola	<a href="http://www.fundacioniberdrola.org">www.fundacioniberdrola.org</a>
Fundación Universia	<a href="http://candidatos.fundacionuniversia.net/becas_capacitas/">candidatos.fundacionuniversia.net/becas_capacitas/</a>
Obra Social Caja España	<a href="http://www.cajaespana.es">www.cajaespana.es</a>



### Máis información

- SAPE A Coruña

Pavillón de Estudantes  
Campus de Elviña  
sape@udc.es  
981 167 100 Exts. 2900/2915/2912

- SAPE Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo (Planta baixa)  
Campus de Esteiro  
sapefer@udc.es  
981 337 400 Ext. 3672/3675/3650


Nas webs:

[www.udc.gal/sape](http://www.udc.gal/sape)

Bolsas e axudas da UDC: [www.udc.gal](http://www.udc.gal) (en actualidade).

Bolsas e axudas da Consellería de Educación: [www.edu.xunta.es/portal](http://www.edu.xunta.es/portal) (en alumnado, bolsas, axudas e premios).

Bolsas e axudas do Ministerio de Educación: [www.educacion.gob.es/educacion/becas-yayudas.html](http://www.educacion.gob.es/educacion/becas-yayudas.html)



# Bibliotecas, aulas de estudo e outros servizos

## 10

- 01 | Bibliotecas
- 02 | Aulas de estudo
- 03 | Aloxamento
- 04 | Transporte universitario
- 05 | Comedores universitarios
- 06 | TendaUDC

## 01 Bibliotecas

A **biblioteca universitaria** é unha unidade funcional de apoio ao estudo, á docencia e á investigación na que se organizan, procesan, custodian e se poñen a disposición dos usuarios todos os fondos documentais da universidade.

Este servizo está constituído por:

- A Biblioteca Central da Universidade. Edificio Xoana Capdevielle, Campus de Elviña. A Coruña.
- A Biblioteca da Casa do Patín. Campus de Esteiro. Ferrol.
- As bibliotecas dos centros.

### Horario

O horario de servizo das bibliotecas é de 8:30 a 21:30 h., ininterrompidamente.

### Máis información

[www.udc.gal/biblioteca](http://www.udc.gal/biblioteca)

## 02 Aulas de estudo

A Universidade da Coruña conta con aulas de estudo tanto na Coruña como en Ferrol, cunha capacidade total de 1.546 postos.

Na Coruña, as aulas están situadas no Centro Universitario de Riazor (CUR, Campus de Riazor), e no Edificio Xoana Capdevielle (Campus de Elviña). No Centro Universitario de Riazor (CUR, Campus de Riazor), trátase de dúas aulas cunha capacidade total de 444 postos, que ocupan a totalidade do primeiro andar. No Edificio Xoana Capdevielle, a aula de estudo ten unha capacidade de 678 postos.

En Ferrol, as aulas están ubicadas no Edificio de Apoio ao Estudo do

Campus de Esteiro. Contan cunha capacidade de 424 prazas repartidas en dúas aulas. Os horarios das aulas de estudo varían ao longo do curso para se adaptaren ás necesidades do estudantado. Existe un horario ampliado nos períodos de preparación dos exames oficiais.

### Máis información

[www.udc.gal/goberno/equipo\\_reitoral/vice\\_estudiantes\\_deporte\\_e\\_cultura/aulas\\_estudo/](http://www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/vice_estudiantes_deporte_e_cultura/aulas_estudo/)

# Servizos das bibliotecas

## ► Consulta en sala

Todas as bibliotecas dispoñen de espazos e equipamentos para o estudo e a consulta das coleccións en calquera tipo de soporte (impreso, electrónico, audiovisual), en horario continuo de luns a venres de 8:30 h. a 21:30 h.

## ► Catálogo automatizado

Para coñecer os fondos existentes nas bibliotecas, é necesario consultar o catálogo automatizado existente en todas as salas de lectura. A través da pantalla de consulta, podes coñecer os libros, revistas, teses, recursos electrónicos, etc. dispoñibles en calquera das bibliotecas.

## ► Préstamo de libros

Coa tarxeta de identificación universitaria podes solicitar libros e materiais bibliográficos en préstamo en calquera das bibliotecas. O horario de préstamo é de luns a venres de 8:30 h. a 21:30 h.

Para máis información consulta a Guía de Préstamo en:

[www.udc.gal/biblioteca/galego/normas.htm](http://www.udc.gal/biblioteca/galego/normas.htm)

## ► Préstamo intercentros

As/os usuarias/os, a través da súa biblioteca, poden solicitar en préstamo os fondos das outras bibliotecas da UDC, sen necesidade de se desprazar. As condicións do préstamo intercentros serán as mesmas que as do préstamo a domicilio.

## ► Préstamo interbibliotecario

Este servizo ten como obxectivo localizar e solicitar a outras bibliotecas aqueles documentos (orixinais ou copias) que non forman parte das coleccións das bibliotecas da nosa universidade.

Para máis información, consulta as normas de uso do préstamo interbibliotecario en:

[www.udc.gal/biblioteca/galego/normas.htm](http://www.udc.gal/biblioteca/galego/normas.htm)



### ► Proposta de adquisición

Toda a comunidade universitaria e tamén os usuarios externos, poden expoñer a conveniencia de adquirir calquera tipo de material mediante un formulario que se atopa na web:

[www.udc.gal/biblioteca/gestion\\_online/suxestion\\_adquisic.html](http://www.udc.gal/biblioteca/gestion_online/suxestion_adquisic.html)

### ► Consulta á biblioteca

As/os bibliotecarias/os ofrecemos ás/aos usuarias/os orientación sobre o funcionamento e a organización da biblioteca, sobre o uso dos recursos de información, así como buscas bibliográficas de calquera tipo. Dáse información por medio dun formulario, telefonicamente ou por correo electrónico, e persoalmente nos mostradores de atención das diferentes bibliotecas.

### ► Biblioteca dixital

É un servizo que ofrece a biblioteca da UDC á comunidade universitaria e que permite acceder en liña a todos os recursos de información electrónicos dispoñibles.

- Bases de datos: son coleccións de información organizadas que permiten a recuperación dos datos incluídos nelas. Serven para encontrar documentos sobre un autor, un tema en concreto, unha data...
- Revistas electrónicas: máis de 9.000 revistas de alto impacto científico subscritas pola UDC dispoñibles para os usuarios da biblioteca.
- Libros electrónicos: máis de 18.000 monografías a texto completo subscritas pola UDC.
- Repositorio Institucional RUC: proporciona de forma estable e segura a difusión e preservación de documentos dixitais produto da actividade científica e institucional da UDC.



## 03 Aloxamento

Á hora de procurar aloxamento pódense barallar diferentes opcións: vivir nunha residencia, alugar un cuarto ou compartir piso.

### Residencias universitarias

A UDC ten convenios de colaboración con residencias para o abaratamento do prezo de aloxamento destinado ao estudantado, incluído o que participa en programas de mobilidade.

Para optar a prazas nas residencias concertadas establécese unha convocatoria única de bolsas, xeralmente no mes de xuño. Nesta convocatoria fíxase o número de prazas ofertadas, o baremo de selección e o prazo de solicitude.

### ■ Campus da Coruña

#### Residencia Rialta

*(residencia concertada)*

A Zapateira  
Rúa de Laxe, 122-124  
Culleredo  
981 179 500  
Fax 981 170 002  
rialta@rialta.net  
<http://www.rialta.net>

#### Residencia Siglo XXI

A Zapateira, s/n  
981 189 000  
Fax 981 131 333  
sigloxxi@resa.es  
[www.resa.es/Residencias/SigloXXI](http://www.resa.es/Residencias/SigloXXI)

### Bolsas de aloxamento na Residencia S XXI

O alumnado de último curso das titulacións da ETS de Arquitectura, ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos e da EU de Arquitectura Técnica pode participar nunha convocatoria de 3 prazas que cobre o aloxamento e manutención na Residencia Siglo XXI durante o curso académico. A cambio, as persoas adxudicatarias teñen que participar, baixo a supervisión dunha profesora/o, en actividades de titorización (seis horas semanais) de estudantes de cursos inferiores da súa mesma titulación e aloxados na residencia. A convocatoria publícase xeralmente no mes de maio.

A Residencia Siglo XXI ofrece prezos especiais para o alumnado que participa en programas de mobilidade.

### Alugueiro: servizo de taboleiro de vivenda

A UDC a través do SAPE, pon a disposición do estudantado un servizo de vivenda que ofrece a posibilidade de:

- Atopar unha relación actualizada de pisos e cuartos en alugueiro para estudantes.
- Inserir anuncios de oferta ou demanda de piso ou cuarto en alugueiro.

- Acceder á información de residencias universitarias concertadas e non concertadas.
  - Consultar convocatorias sobre prazas en residencias concertadas.
- Campus de Ferrol

#### Residencia Universitaria Pública de Ferrol

Rúa Sánchez Bazcaiztegui, 28  
Ferrol  
Tel.: 981 337 400 ext.: 3696  
[www.residenciaportanova.com](http://www.residenciaportanova.com)

#### Programa Comparte

Conxuntamente co concello de Ferrol púxose en marcha o programa "Comparte". Os seus obxectivos son sociais e solidarios xa que pretenden dar resposta, tanto as necesidades de compañía e apoio das persoas maiores, como ás necesidades de aloxamento dos estudantes universitarios.

Poden participar:

- As persoas xubiladas maiores de 60 anos e menores de 85 anos que vivan soas e sexan autónomas por se mesmas.
- Os/as estudantes universitarios/as matriculados/as nunha titulación universitaria do campus de Ferrol tanto nun grao, mestrado ou doutoramento maiores de 18 anos e menores de 35 anos que non sexan residentes en Ferrol.

## 04 Transporte universitario

A UDC, en colaboración coas entidades públicas correspondentes ten establecido un servizo especial de autobuses urbanos que achegan o estudiantado aos diferentes campus. A información sobre o percorrido desta liña e de todas as demais liñas de autobuses da cidade atópase en:

[www.tranviascoruna.com](http://www.tranviascoruna.com)

En Ferrol hai varias compañías que realizan as rutas e que unen varios puntos do concello entre si e cos concellos limítrofes. Na páxina web do Concello de Ferrol pódense atopar as liñas e os horarios destas compañías.

[www.ferrol.es/contidos.aspx?id=22](http://www.ferrol.es/contidos.aspx?id=22)

A UDC concede axudas ao transporte urbano e metropolitano destinadas ao alumnado matriculado nunha titulación oficial no Campus da Coruña e no de Ferrol e que cumpra os requisitos esixidos na convocatoria. Esta bolsa solicítase no Pavillón de Estudantes no Campus de Elviña. O prazo de presentación soe ser de outubro a novembro.

[http://www.udc.gal/admision\\_bolsas/axudas/bolsas\\_propias/](http://www.udc.gal/admision_bolsas/axudas/bolsas_propias/)



O alumnado pode solicitar a “tarxeta milenium” na estación de autobuses, no Forum Metropolitano ou na oficina do concello en María Pita e a “tarxeta metropolitana” nas oficinas de ABANCA.

<http://tmg.cmati.xunta.es/tarxeta-metropolitana-introducion>

<http://www.coruna.es/servlet/Satellite?argIdioma=es&c=Page&cid=1192723369829&pagename=Especiales20%2FPage%2FEspeciales20-PortadaSeccion>

## 05 Comedores universitarios


En todas as facultades da universidade ofértase un servizo de comedor a prezos reducidos. Ademais, en Ferrol hai un comedor xeral no Campus de Esteiro e outro na Escola Universitaria Politécnica no Campus de Serantes. No comedor da Escola Universitaria de Arquitectura as persoas alérxicas ao glute teñen un menú (ou, polo menos, un prato) adaptado á súa dieta.

## 06 TendaUDC

Desde o SAPE Coruña e Ferrol poñemos ao teu alcance os auténticos artigos da Universidade coas maiores garantías de calidade. Imos comezar con suadoiros coa auténtica insignia da Universidade da Coruña.

### Máis información

<https://tenda.udc.gal/index.php/gl/>



# Tecnoloxías da información e da comunicación

## 11

- 01 | Campus virtual
- 02 | Secretaría virtual
- 03 | Servizos TIC
- 04 | Tarxeta de Identificación Universitaria (TIU)

## 01 Campus virtual

O campus virtual (<http://campusvirtual.udc.gal>) é unha ferramenta que pretende facilitar e incrementar a comunicación entre docentes e alumnado. Constitúe un instrumento básico de apoio ao ensino presencial.

Dentro do mesmo contorno, non só se dispón dunha forma de obter materiais actualizados ou de contactar co profesorado, senón que é posible preparar por anticipado as aulas presenciais, compartir e debater co resto do grupo e dispor de exercicios de avaliación.

Moitas das materias que se cursan na UDC xa empregan esta potente ferramenta. Tamén existe a posibilidade de axuda en certas materias con dificultades especiais para o alumnado de primeiro ano dalgunhas titulacións.

## 02 Secretaría virtual

A secretaría virtual do estudante (<https://matricula.udc.gal/Secretaria/Login.asp>) facilita o acceso ao expediente académico do alumno e aos datos persoais de que dispón a universidade. Pode ser utilizado polo alumno durante o período de matrícula para levar a cabo a automatrícula.

A través da secretaría virtual do estudante pódese configurar o envío de cualificacións a través de SMS. Para activalo hai que realizar os seguintes pasos:

- Acceder á secretaría virtual do estudante.
- Premer no apartado da columna esquerda correspondente a “Notas por Móbil”, o último da columna de “Secretaría”.
- Por último, unha vez na páxina, cubrimos o noso número de móbil e aceptamos as condicións.

## 03 Servizos TIC

Para facer uso dos servizos informáticos que proporciona a UDC é necesario rexistrarse en: <https://servizos.udc.gal>.

As/os usuarias/os rexistradas/os terán acceso, mediante un usuario e unha clave únicos, a todos os servizos TIC como:

- Webmail (<https://webmail.udc.gal>).
- Acceso á rede Wi-Fi a través do portal (udcPortal) ou eduRoam ([www.udc.gal/udcwifi](http://www.udc.gal/udcwifi)).
- Wiki corporativa (<https://wiki.udc.gal>).
- Web corporativa ([www.udc.gal](http://www.udc.gal)).
- Tarxeta universitaria intelixente ([www.udc.gal/tiu](http://www.udc.gal/tiu)).
- Solicitud de bonobús ([http://www.udc.gal/sape/transporte/axudas\\_bolsas\\_tarjetas/](http://www.udc.gal/sape/transporte/axudas_bolsas_tarjetas/)).
- Puntos de información ([www.udc.gal/seinfe](http://www.udc.gal/seinfe)).
- Avaliación docente ([www.udc.gal/avaliemos](http://www.udc.gal/avaliemos)).
- Licenza de campus de software ([www.udc.gal/software](http://www.udc.gal/software)).
- Catálogo de biblioteca (<http://kme-lot.biblioteca.udc.gal>).
- Repositorio Universidade da Coruña (<http://ruc.udc.gal>).
- Acceso ás AulasNET dos centros.
- Cualificacións a través de SMS.

Hai dúas vías para proceder ao rexistro. Unha para o alumnado de novo ingreso e outra para o resto do alumnado da UDC.

### Para o alumnado de novo ingreso

No momento da formalización da matrícula (na Secretaría do centro ou vía Internet) o alumnado recibe un código de activación de servizos. Este código terá que introducirse en <https://servizos.udc.gal/activacion/inicio> e seguir os pasos que na propia páxina se explican, seguindo a ligazón: "Novo membro da UDC".

### Para o resto do alumnado

Ir á páxina <https://servizos.udc.gal/activacion/inicio> e seguir os pasos que na propia páxina se explican, seguindo a ligazón: "Usuario existente".

#### Máis información

- A Coruña: 981 167 000 Ext. 1199
- Ferrol: 981 337 400 Ext. 3699

## 04 Tarxeta de Identificación Universitaria (TIU)

A TIU é unha tarxeta intelixente, realizada en colaboración co Banco Santander, que acredita ao estudiantado, ao profesorado e ao persoal de administración e servizos como membros da comunidade universitaria. Solicítase na oficina do Banco Santander e durante os períodos de matrícula, nos lugares habilitados preto das secretarías dos centros.

As funcións da TIU son as seguintes:

- Acreditación universitaria, emprégase como carné universitario.
- Descontos nalgúns comercios.
- Préstamo bibliotecario, como identificativo a través do código de barras impreso na tarxeta.
- Utilización de instalacións universitarias restrinxidas, como é o caso das instalacións deportivas.
- Con carácter opcional e previa solicitude funciona como tarxeta 4B.
- Consulta do expediente académico en calquera caixeiro da rede 4B.
- Moedeiro electrónico.

As oficinas universitarias do Banco Santander son:

- A Coruña. Campus de Elviña.  
Pavillón de Estudantes. 981 297 866
- Ferrol. Campus de Esteiro. Edificio de Apoio ao Estudo. 981 359 310

